

**PROGRAMACIÓN  
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
PSICOPEDAGÓGICA E PROFESIONAL**

**CURSO 2015 - 2016**

## ÍNDICE DE CONTIDOS:

- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO
- CONTEXTO XUSTIFICATIVO
- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:
  - OBXECTIVOS E ESTRATEXIAS
  - MEDIDAS DE ATENCIÓN
- RELACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
- PLAN DE CONVIVENCIA
- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
- PROGRAMA DE ACOLLIDA AO ALUMNADO ESTRANXEIRO

O departamento de Orientación seguirá as liñas xerais da programación do pasado curso tentando adecuar as nosas actuacións ás instrucións da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e innovación educativa, reflectidas nas **circulares 17/2006** para establecer as *liñas prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional*, a **circular 8/2009**, *pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obligatoria* e a **circular 10/2010**, *pola que se dictan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*.

No que respecta ó Plan de acción tutorial (PAT) haberá axustes de datas para o desenvolvemento dos programas impartidos por as institucións colaboradoras co centro que poden cambiar a secuencia das sesións das tutorías. De todos os xeitos, o PAT é unha proposta que cada titor pode adaptar ás peculiaridades de seu grupo, tendo sempre que o solicite o asesoramento do departamento de orientación.

Continuaremos na nosa atención en mellorar a convivencia no centro, elaborando propostas que impliquen ós diferentes membros da comunidade educativa e implementando novas medidas de prevención e resolución pacífica de conflitos. Completaremos a elaboración dun programa básico de habilidades sociais. Asemade pretendemos que o plan de acollida e de atención para o alumnado estranxeiro, e o Plan de mellora da convivencia teñan difusión e implantación efectiva na vida do centro, procedendo a artellar os axustes para dar unha resposta normalizada á incorporación, durante todo o curso escolar, de alumnado procedente do estranxeiro.

## MEMBROS DO DEPARTAMENTO

### TITORES DO 1º CICLO ESO:

Ámbito lingüístico e social:

- M<sup>a</sup> Carmen Rivas Rdguez.
- Antón Crego Martínez
- Delfina Pena
- Mónica Martín

Ámbito científico e tecnolóxico: (no hai)

### TITORES DO 2º CICLO ESO:

Ámbito lingüístico e social:

- Manuela
- María Rivero
- M<sup>a</sup> José Blanco
- M<sup>a</sup> Carmen Fernández

Ámbito científico e tecnolóxico: (non hai)

### PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA:

Benito Murado González

### FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL:

Luis María Díaz García

### PSICÓLOGA, XEFA DO DEPARTAMENTO:

Victoria Pérez Ramos

## CONTEXTO XUSTIFICATIVO

O IES Monte Castelo está ubicado en Burela, vila situada no centro xeográfico da comarca de Mariña lucense, que ten un gran crecemento no sector pesqueiro e servicios, por esto o instituto ten unhas características determinadas no que se refiere á súa estrutura de ensinanzas, moi complexa, e un alumnado moi diverso.

No presente curso impártense: 1º e 2º ciclos de ESO e 1º e 2º dos BAC de Ciencias da Natureza e da Saúde, Científico-técnico, Humanidades e Ciencias Sociais e de Artes Plásticas, Formación Profesional e ensino de persoas adultas.

**ESO:** Liña 2. O alumnado procede na meirande parte do CEIP Vista Alegre, noso centro adscrito, que ten liña 1. Hai moitas incorporacións de alumnado que reside na vila, aínda que cursaran primaria noutros centros da Mariña, fóra de Burela. Esta circunstancia favorece a súa participación en actividades programadas fóra do horario estritamente lectivo. En 3º e 4º de ESO incorpórase alumnado procedente de centros públicos e privados próximos, xeralmente con dificultades académicas. É frecuente a incorporación de alumnado procedente do estranxeiro e con descoñecemento das nosas linguas de instrucción.

**1º de Bacharelato LOE presencial:** Dous grupos. Un grupo no que están mixturados alumnos das modalidades de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Artes(A), outro con alumnado do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais e Artes (B). O alumnado está formado por chicos e chicas de noso Concello e o Concello limítrofe de Alfoz, que non conta con centro de bacharelato. O alumnado da modalidade de BAC artístico provén de toda a comarca.

Detectamos un aumento da matrícula no bacharelato de Ciencias Sociais e mesmo de Humanidades, baixando a matrícula en Ciencias da Natureza e da Saúde.

**2º de Bacharelato LOE presencial:** Dous grupos, 2º A alumnado mixturado de Ciencias e Artes; 2º B dos BAC de Humanidades e CCSS.

**FORMACIÓN PROFESIONAL:** Hai implantadas ensinanzas de dúas familias profesionais:

**Familia profesional de actividades físicas e deportivas:** O ciclo superior de

*Actividades de animación física e deportiva* con alumnado provínte non só doutras localidades Mariñás, senón de provincias limítrofes, mesmo de Asturias e o Bierzo.

**Familia profesional de sanidade:** Dous cursos, 1º e 2º, do ciclo superior de *Saúde ambiental*, cursado por xoves que rematan bacharelato e, en moitos casos, continúan posteriormente na Universidade. Algúns alumnos cursan este ciclo despois dunha titulación universitaria.

Ciclo medio de *Coidados auxiliares de enfermería*, en réxime ordinario e de adultos. Cursado por alumnado feminino de idades proporcionalmente superiores ás do alumnado dos ciclos superiores. Mulleres que compatibilizan o estudo co seu traballo ou coas responsabilidades do coidado da familia. Moitas delas xa teñen unha preparación no ámbito da sanidade ou de a atención a personas dependentes.

### **ENSINO DE PERSOAS ADULTAS (EPA):**

A pesar da existencia de demanda de ensinanzas de **nivel I** (Cursos de alfabetización e atención ó alumnado estranxeiro), e **Nivel II** (Preparación para o acceso a graduado en secundaria) dende o curso 2010-11 non contamos con esta oferta. En colaboración con institucións externas (Plan de Inclusión da Consellería de Benestar, Cruz Vermella, etc.) noso centro ofreceu en anos anteriores formación a adultos en grave risco de exclusión social, que estaría nestos niveis I e II. Estamos abertos a acoller iniciativas neste senso.

**Nivel III:** Dous cursos para catro módulos que permiten obter o título de Graduado en Secundaria.

Nos **módulos 1º e 2º** o perfil do alumnado é de xoves maiores de dezoito anos cunha historia de fracaso e inadaptación ó sistema escolar, a meirante parte deles non ten intención de continuar estudos ordinarios a curto prazo, están desempregados ou con contratos en precario. Algúns son xoves inmigrantes de incorporación tardía o sistema educativo que non conseguiron superar o desfase curricular co que accedieron.

Nos **módulos 3º e 4º** neste curso hai dous grupos; formados por uns poucos alumnos que obtiveron o graduado escolar nesta modalidade de adultos ou que abandonaron os estudos de BUP ou FP, son maioría aqueles que remataron a escolaridade na ESO sen obter o título de graduado en secundaria. Hai un grupo de

alumnos que cursan os módulos de 2º ano do PCPI. Polo xeral pensan facer un ciclo medio e poucos se sinten capacitados para cursar bacharelato.

Excepcionalmente, con permiso expreso da Dirección Xeral, escolarizamos alumnado de 17 anos que, sen cumprir os requisitos legais, ten unha situación personal que require a modalidade de adultos, para evitar o abandono escolar.

### **BACHARELATO SEMIPRESENCIAL PARA ADULTOS:**

Nas tres modalidades que nos corresponden segundo a rede de centros: Bacharelato de Ciencias da natureza e da saúde, Bacharelato de Humanidades e ciencias sociais. Alumnado de bacharelato que ven doutras localidades da Mariña e a asistencia ás clases non sempre é compatible co horario de traballo. O alumnado está interesado no ingreso na universidade e nos Ciclos Formativos de Grao Superior, algúns alumnos teñen previsto preparar únicamente as asignaturas que se lles exixe nas probas de acceso ós ciclos formativos. A sede da UNED en Foz amplía as posibilidades de formación ó longo da vida deste colectivo de adultos.

**AULA MENTOR:** Dende que no curso in 2009 iniciamos a oferta de ensino aberto, a través de Internet, o alumnado non deixa de incrementarse. É unha colaboración da Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación, que permite obter certificados do MEC en máis de 100 cursos distintos. Noso centro aposta por esta modalidade de ensino semi-presencial que facilita a **aprendizaxe permanente** e a mellora das competencias básicas.

**OUTRAS ENSINANZAS:** Cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega, cursos de iniciación profesional (contabilidade, informática, ...)

**Escola oficial de idiomas (EOI):** CUALE 1 e 2 de inglés e de francés, estas ensinanzas destinadas ó alumnado en xeral, a partir de 3º de ESO, son moi interesantes xa que, como informamos ós nosos alumnos, permiten a matrículana universidade os estudos que se estean a realizar na escola de idiomas pódense validar como créditos de libre configuración. O feito de que a nova lei devolva esta formación exclusivamente ás escolas de idiomas a suposto unha baixa na matrícula por non ter continuidade para os próximos cursos.

**Niveis Básico e intermedio da EOI de inglés:** Impártense dende o curso 2012-13 para a poboación en xeral, con moita demanda entre os xoves con titulación superior desempregados ou que buscan mellorar seus *curricula*. Dous grupos por curso.

Dende o curso 2007-08 participamos no PLAN PROA, programa de reforzo, orientación e apoio dirixido o alumnado de 1º e 2º de ESO. Ó desaparecer éste nos pasados cursos 2012-13 e 2013-14 solicitamos un CONTRATO PROGRAMA: REFORZO, ORIENTACIÓN E APOIO, modalidade 1B, que serviú como **apoio** extra para a atención ó alumnado con dificultades de aprendizaxe e cunha situación de desvantaxe sociocultural, como medida compensatoria. A avaliación desta medida foi moi positiva, resultado dela é a implementación da AXENDA ESCOLAR para seu uso, especialmente na ESO. Novamente temos solicitado un **CONTRATO PROGRAMA: Mellora da convivência nos centros e da prevención do abandono temperán e do absentismo escolar**. Mantemos a organización de actividades extraescolares para o alumnado que non disfruta delas no seu tempo de lecer.

O profesorado que compón o claustro responde ós distintos niveis impartidos, seu número vaise reducindo: Profesores de bacharelato e 2º ciclo de ESO; mestres no 1º ciclo de ESO e nos niveis I, II e módulos 1º e 3º de EPA; especialistas de educación física e especialistas de sanitaria para os ciclos formativos. Dos cincuenta e nove profesores que forman o claustro corenta e seis teñen destino definitivo, esta estabilidade permite a participación en múltiples proxectos de innovación educativa (**PROXECTA**).

Na composición dos membros do departamento de orientación, seguindo o criterio de cursos pasados, non hai titores representantes de BAC, xa que a lei non os considera e a complexidade na confección dos horarios a principios de curso dificulta a asistencia ás reunións. A coordinación das titorías de BAC así como as de ensino de adultos, faise nas horas complementarias de cada titor.

O instituto permanece aberto de luns a venres en horario de mañá e tarde de 8:45 a 14:15 , e de 16:15 a 22:20. Esta gran disponibilidad horaria fai posible que tente ser dinamizador de actividades culturais máis aló do estrictamente académico.



# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE OBJECTIVOS E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Os obxectivos do plan xeral e as estratexias de intervención do departamento de orientación atenden ós distintos compoñentes da comunidade educativa. Na práctica todos eles interaccionan, pero por necesidades de programación faremos mención separada de cada un deles.

## EN RELACIÓN Ó PROFESORADO

### **I.- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e tutoría.**

Coa nova normativa a reunión de departamento de orientación deixa de ser lectiva. Reunirémonos o PT e a orientadora para a coordinación de ACs os luns, ás 17:05.

Os titores de 1º e 2º de ESO teñen destino definitivo no centro e moitos anos de tutoría, isto facilita a coordinación. Coas tutorías de 3º e 4º, fóra do horario lectivo das titoras, a orientadora ten unha hora de reunión semanal na que coordinamos o plan de acción tutorial (PAT), estudiamos, elaboramos e reelaboramos materiais que permitan a súa concrección nas aulas axustándose ás necesidades e ás características propias do noso centro (os luns ás 11:15 con 4º de ESO e os xoves ás 11:15 coas titoras de 3º de ESO).

Noso plan de orientación académica e profesional (POAP) non está únicamente desenvolvido no PAT e nas materias relacionadas co FOL. Pretendemos implicar ós distintos departamentos do instituto no seu desenvolvemento a través da comisión de coordinación pedagóxica (CCP), pero hai que traballar máis na súa concrección.

A orientadora está a disposición dos titores no horario que permanece exposto na sala de profesores e na entrada á sala de "Tutorías e Departamento de orientación"; cando non sexa posible a reunión no horario establecido, concertaremos cita para outro momento cos membros da comunidade educativa que sexa menester.

Sempre que se considere necesario, Xefatura de estudos, por requerimento do departamento de orientación convocará unha **reunión de titores**.

## **II.- Facilitar ó profesorado a utilización na aula de técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar e outras técnicas semellantes.**

Este é un obxectivo recorrente, innovar na metodoloxía de ensinanza para achegarse mellor ás necesidades dun alumnado diverso. Colaboramos na sensibilización do profesorado acerca da necesidade de utilización técnicas, así como da avaliación da efectividade das mesmas. As reunións da Comisión de coordinación pedagóxica (CCP) serán o vehículo transmisor deste debate ás reunións de cada departamento didáctico. En xeral, o profesorado solicita estes materiais soamente para o alumnado con necesidade de reforzos, son esenciais nos grupos específicos.

## **III.-Proporcionar ó profesorado instrumentos educativos que permitan un ensino máis efectivo para os alumnos e alumnas con problemas.**

Nas primeiras reunións de coordinación de etapa de ESO elabóranse as liñas xerais para tratar ó alumnado con problemas. Os instrumentos educativos tentarán axustarse ás necesidades detectadas:

- **Avaliación inicial:** proceso que axiliza a detección de necesidades educativas para unha actuación pronta. Cumprindo coa continuidade da avaliación, son estudados individualmente os informes de cada alumno que, custodiados polo departamento de orientación son actualizados sempre que é necesario, un mínimo de catro veces por curso. Logo das avaliación iniciais o departamento elabora informes psicopedagóxicos do alumnado no que se detectan necesidades especiais.

- **Reforzos na aula:** de cada profesor/-a cos seus alumnos. Nas materias que non teñen creado grupo específico, previo requerimento do profesorado que imparte, poden apoiar os especialistas de pedagogía terapéutica (PT).

- **Reforzos grupais en grupos específicos:** Temos creado grupos específicos en 1º, 2º e 3º de ESO.

Nos grupos de 2º e 3º o alumnado foi proposto polos titores, previo acordo das xuntas avaliadoras do curso anterior, de todos os xeitos, para o alumnado de nova incorporación ó centro contemplamos esta medida de reforzo coas propostas do departamento de orientación, logo de estudar os informes dos centros de procedencia. Na avaliación inicial hai sempre axustes nestos grupos flexibles de reforzo.

No presente curso incrementouse, aínda máis, o número de alumnos procedentes

doutros centros limítrofes, xeralmente con historias de baixo rendemento académico e dificultades de adaptación. Colaboramos no asesoramento dos programas de reforzo individualizados.

Además dos informes de primaria e das probas de nivel que cada mestre fai no grupo que imparte, mantemos unha reunión cos antigos titores de 6º de primaria do CP Vista Alegre, noso centro adscrito e de donde provén a meirante parte do alumnado, para ter máis datos á hora da avaliación inicial.

Atendendo á priorización das materias específicas das técnicas instrumentais básicas e por necesidades de organización horaria, os grupos específicos desdobran nas áreas seguintes:

- 1º de ESO : matemáticas, ciencias sociais, ciencias naturais e lingua castelá.
- 2º de ESO : ciencias sociais, ciencias naturais e lingua galega.
- 3º de ESO: ciencias sociais e lingua castelá.
- 4º de ESO: matemáticas, ciencias sociais e lingua galega.

Cada grupo está formado por alumnos procedentes dos dous grupos que existen por cada curso e as materias son impartidas polo profesorado dos grupos de referencia, sempre que é posible. Pola flexibilidade que conlevan estes grupos o número de alumnos asistentes poderá variar ó longo do curso, sendo necesario tanto para incorporarse ó grupo como para voltar á aula de referencia, seguir o procedemento de proposta oficial.

Dende o curso 2010 non solicitamos o grupo de adaptación da competencia curricular (DOG 26-2-2004), que foi unha medida organizativa adoptada para a atención ao alumnado de incorporación tardía e con grave desfase curricular, xa que non se prevía a chegada de novo alumnado procedente do estranxeiro. De feito, o alumnado recién chegado está a demandar ensino de adultos e formación profesional inicial (PCPI), xa que as reagrupacións familiares que se están facendo están na franxa de idade non obrigatoria (máis de 16 anos).

No centro hai materiais didácticos de consulta a disposición do profesorado en distintas dependencias: na biblioteca, no despacho do depto. de orientación, na sala de titorías, na aula de PTs. A súa consulta é libre, rexístrase o préstamo e a devolución.

O profesorado que imparte materias que son en sí mesmas unha medida de atención á diversidade ( os reforzos para os exentos de segunda lingua estranxeira e as materias de desdobre dos grupos específicos) terá un asesoramento máis puntual e reunións periódicas de coordinación convocadas polos xefes de estudos.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Seguindo o DOG 13-xullo 2007. Decreto 133 que regula a ESO

Hai dous tipos de medidas, de tipo curricular e de tipo organizativo.

As medidas curriculares: corresponden a os profesores e os departamentos implicados en cada caso.

As medidas organizativas: corresponde ó centro o seu establecemento (pedir profesorado, aulas, horario,...).

En todo caso o departamento de orientación colabora na avaliación psicopedagóxica do alumnado asesorando, facilitando materiais curriculares e propoñendo modelos que permitan unha atención á diversidade máis efectiva.

### DE TIPO CURRICULAR:

-Reforzo educativo: Cada profesor co alumnado con dificultades.

-Adaptacións curriculares: (DOG 7-11-1995) Elaboradas polo profesor co asesoramento do departamento de orientación; para o alumnado co retraso de máis de dous cursos. Pode ter a axuda dun PT na aula e excepcionalmente salir da aula.

-Flexibilización de idade: Repetición de curso, decide a xunta avaliadora. Adianto de curso (superdotados) ou Incorporación tardía ó noso sistema educativo (permite máximo de dous anos de flexibilización) co informe do departamento de orientación.

### DE TIPO ORGANIZATIVO:

#### **Agrupamentos específicos: (circular nº 9/ 1999)**

- Para alumnos con dificultades. Desdobramentos transitorios en áreas de linguas, matemáticas e ciencias sociais.

- É un reforzo que non implica cambios curriculares.

- Mesmo titor do grupo ordinario.

O alumnado de ESO que repite ou ten materias pendentes que coinciden coas materias dos agrupamentos, é proposto para asistir como parte do programa de reforzo educativo, sen prexuízo de que cada departamento organice outras medidas.

## PROTOCOLO DE REFORZO

**Segundo o decreto 133/ 2007 artigo 11, punto 6 (DOG nº 136, venres 13 de xullo de 2007)....o centro educativo, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, adoptará medidas de reforzo educativo...**

Para facilitar o rexistro documental, propónse o seguinte protocolo que estará suxeito as modificacións que xurdan do propio proceso de aplicación.

- 1) Na avaliación o titor e o departamento de orientación recollen as materias nas que cada alumno ten reforzo, ou as propostas de novo reforzo (materias suspensas).
- 2) Cada alumno con reforzo terá un documento de reforzo educativo consistente en:
  - Acta que recolle as materias de reforzo. Cúbrea o titor ou o departamento de orientación e asinan todos os presentes. Para os alumnos con necesidades pouco significativas ésta será a acta de avaliación.
  - As propostas de reforzo de cada materia elaboraas o profesorado da materia correspondente.
  - Constancia de información á familia. No boletín da avaliación constará, en cada materia avaliada negativamente, a medida de reforzo educativo (RE, no XADE). No apartado de observacións se indicará que “para máis información acerca dos reforzos, solicite cita coa persona responsable da titoría”. O boletín asinado é constancia de información ás familias. Nos casos de precisar un reforzo significativo (AC, ou cambios nos agrupamentos) en reunión de titoría a persona que ten a titoría legal do alumno ou alumna, asina a constancia, dáselle unha copia.
  - Valoración das medidas de reforzo. Farase nas sucesivas avaliacións.

*Estará a disposición do profesorado un modelo destes documentos no ordenador da sala de profesores, na carpeta de titoría. Cada departamento ou cada profesor pode utilizar o documento de proposta de reforzo que máis se axeite ás súas medidas de intervención.*

- 3) Cada curso dispón dunha carpeta onde os titores recollen todas as medidas a aplicar para cada alumno, así como os documentos que as recollen. A carpeta está no despacho de titoría.
- 4) O profesorado que imparte cada materia pode ter acceso a estos documentos que permanecerán no centro escolar en todo momento.

*Adxunto o modelo base que o departamento de orientación propón.*



**Documento de reforzo educativo**

Nome e apelidos do alumno/a: .....

.....curso de ESO

Titor/a:.....

**TOMA DE DECISIÓNS**

Reunido o profesorado implicado neste reforzo educativo, presididos polo titor/a:

**DECIDEN:**

Que se levarán a cabo medidas de reforzo educativo nas áreas de:

.....  
.....  
.....

En Burela, a .....de .....de.....  
(Asinan todos os presentes)

Persoas implicadas na realización do reforzo:

NOME	FUNCIÓN



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES MONTE CASTELO**

Rúa : Os Matos s/n - 27880 BURELA (Lugo)

Teléfono: **982580889** FAX: **982 580938**

E-Mail: [ies.monte.castelo@edu.xunta.es](mailto:ies.monte.castelo@edu.xunta.es)

**INFORMACIÓN Á FAMILIA**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ pai/nai/titor legal

do alumno/a \_\_\_\_\_ fun informado  
das medidas de reforzo que se levarán a cabo co meu fillo/a, así como do horario de reforzos  
complementarios impartidos en horario extraescolar durante as tardes.

En Burela, a .....de.....de 201...

Asdo. \_\_\_\_\_



**PROPOSTA DE REFORZO EDUCATIVO**

ÁREA:.....

TRIMESTRE:.....DATA:.....de.....de .....

Persoas/as que levarán a cabo o reforzo:.....

Cousas que xa sabe o alumno con respecto dos aspectos a reforzar. COMPETENCIA CURRICULAR	Aspectos que van ser reforzados NECESIDADES EDUCATIVAS





MATERIA:.....

**Como van ser reforzados:**

- Cambio na ubicación do alumnado na aula: \_\_\_\_\_
- Cambios nos agrupamentos: \_\_\_\_\_
- Cambios na avaliación:
  - nas formas de avaliar: \_\_\_\_\_
  - nos instrumentos de avaliación: \_\_\_\_\_
- Distinta temporalización para acadar os obxectivos: \_\_\_\_\_
- Adaptación da actividade proposta para o grupo-clase:
  - Proposta de actividades con distinto nivel de dificultade
  - Desglose da actividade proposta para o grupo-clase en varias actividades máis sinxelas.
  - Outras \_\_\_\_\_
- Eliminación de actividades repetitivas.
- Cambios na secuencia de contidos:
  - introducindo contidos traballados anteriormente por estar olvidados: \_\_\_\_\_
  - tratamento únicamente dos contidos básicos de área eliminando outros: \_\_\_\_\_
  - introducindo contidos, facendo máis pormenorizada a secuencia de aprendizaxe: \_\_\_\_\_
- Utilización de outros medios distintos ós habituais para acadar os obxectivos: \_\_\_\_\_
- Lecturas complementarias: \_\_\_\_\_
- Explicacións verbais individualizadas por parte do profesorado.
- Fichas didácticas sobre as necesidades a reforzar
- Asistencia as clases semanais de reforzo de pendentes.
- Outros: \_\_\_\_\_

**Materiais a empregar:** \_\_\_\_\_

**Espacio no que se vai desenvolver:** \_\_\_\_\_



---

**VALORACIÓN**

Data: \_\_\_\_\_

**Valoración das medidas de reforzo:**

- Axeitadas
- Non axeitadas polo que se introducirán modificacións (modificacións a introducir):

\_\_\_\_\_

(Volverase a cubrir de ser necesario unha nova proposta de reforzo)

**Valoración do progreso do alumno/a coas medidas de reforzo:**

- Esforzouse e acadou resultados positivos.
- Esforzouse pero non acadou resultados positivos
- Non se esforzou pero acadou resultados positivos
- Non se esforzou polo que non acadou resultados positivos

**Valoración da coordinación entre os profesionais implicados:**

- Coordinación axeitada e suficiente
  - Coordinación insuficiente
- Aspectos que se poden mellorar: \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

---

**OBSERVACIÓNS:**

## EN RELACIÓN Ó ALUMNADO

**I.- Colaborar na pronta detección de problemas ou dificultades educativas, de desenvolvemento ou aprendizaxe, que presenten os alumnos e alumnas, e á pronta intervención para tratar de remediarlos.**

Nas primeiras sesións de tutoría de alumnos pásaselles unha *folia de rexistro de interese para a tutoría*, nela existe a posibilidade de que cada alumno comunique algúns datos que poden informar dos seus posibles problemas (se repitiu algún curso, asignaturas nas que ten máis dificultades, se ten detectados problemas físicos de audición, visión, linguaxe, motricidade,...).

Ó alumnado de 1º de ESO ven con informes dos colexios de primaria. Ditos informes son revisados polos titores e polo departamento de orientación para informar á xunta avaliadora na avaliación inicial, que se fai na segunda quincena de outubro. Ademáis disto, como xa explicamos con anterioridade, ó rematar cada curso, en xuño, o xefe de estudos e a orientadora en reunión coas xuntas avaliadoras do colexio Vista Alegre, centro de procedencia da meirante parte do noso alumnado, recollen información pormenorizada que é utilizada dende o principio para, por exemplo a confección de grupos.

Ó alumnado de 3º de ESO ten un cambio significativo de profesorado, pero ó pertencer a orientadora e o PT ás xuntas avaliadoras de todos os cursos da ESO pódese asegurar a pronta información dos problemas detectados con anterioridade e a continuidade na atención á diversidade.

No caso do alumnado que se incorpora nos cursos intermedios da ESO, os titores e o departamento de orientación estudian os informes extraordinarios e, se parece oportuno, a orientadora contacta cos departamentos de orientación dos centros de procedencia para completar os informes.

O alumnado de BAC procedente do centro ten os informes dos cursos anteriores como referencia, pero os de nova incorporación non teñen informe algún. Na avaliación inicial e nas sucesivas farase unha análise e seguimento do proceso de aprendizaxe de cada alumno .

Existe unha tutoría especial para alumnado con asignaturas pendentes que coordina as sesións de recuperación, as datas de exame e os contidos e criterios de avaliación de cada materia. Cada departamento ten programadas actividades de recuperación para

todos aqueles alumnos de 4º de ESO con materias pendentes de 3º, que non as teñen elixido para cursar entre as optativas de 4º, co fin de facilitar toma de decisións respecto á proposta para a obtención do título de graduado en secundaria.

En todos os cursos e niveis, para todos os tipos de ensino impartidos no centro, fanse avaliacións iniciais, avaliacións con carácter preventivo que informan da situación dos grupos e de cada un dos alumnos. Cada profesor de cada departamento evalúa o nivel dos seus alumnos. É competencia da CCP elaborar probas de nivel tanto no referente a contidos como a o desenvolvemento das competencias básicas.

A recepción das familias é unha fonte de información para detectar situacións de risco. As titoras e titores e a xefa do departamento de orientación teñen no seu horario tempo de recepción para as familias.

Os servizos sociais do concello colaboran asiduamente co departamento de orientación nos casos de familias desestructuradas ou con calquera outro tipo de situacións especiais.

Dende o curso 2010-11 noso centro participa nos **Programas europeos de mobilidade de alumnado Comenius (MAC)**, durante o terceiro trimestre do curso recibimos alumnos (probablemente tres, da República Checa) e alumnos nosos están nun centro de Praga (no Gimnazium Pripotocni de Praga). Este alumnado está nunha situación especial que require seguimento e titorización específica. Noso departamento está implicado neste proxecto e na atención a este alumnado.

## **II.- Proporcionar ó alumnado unha orientación académica e profesional diversificada e individualizada, co fin de capacitalos para a propia orientación no momento actual e futuro.**

No PAT inclúese:

- Información das distintas opcións que en cada momento da vida académica se presentan ó alumnado: asignaturas optativas; estudos vinculados con cada opción; saídas profesionais; bolsas de estudos; ...
- Información cara ó mundo do traballo: relación entre a formación e a profesión; como facer un *curriculum vitae*; como afrontar unha entrevista de traballo; as cartas de presentación, os test psicotécnicos; os tipos de contrato de traballo; etc.
- Programas de axuda para a toma de decisións.

Como complemento do PAT, dirixidas especialmente ó alumnado de 1º e 2º de BAC, o departamento de orientación organizará charlas-coloquio sobre os temas anteriores, poñendo especial atención a que sexan impartidas por persoas cercanas ó centro: ex-alumnos que actualmente se atopen estudiando nas diferentes opcións que se ofrecen; profesorado; pais e nais, traballadores en distintos campos;etc.

Para o alumnado de adultos, nivel III, como materia de oferta propia do centro se imparte FOL, porque a consideramos fundamental para o seu desenvolvemento na busca e mellora de formación e emprego.

No plan de orientación académica e profesional (POAP) colaboran os distintos departamentos do centro, desenvolvendo de xeito transversal nas distintas áreas, aspectos que favorecen o coñecemento das distintas áreas de coñecemento e profesionais, así como estratexias de acceso ó mundo do traballo, que se imparten non só nas horas de titoría de alumnos.

### **III.- Participar no deseño e aplicación de programas individuais de diversificación curricular para alumnas e alumnos maiores de dezaseis anos, e de adaptacións curriculares para o alumnado con necesidades educativas especiais (NEE).**

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Noso centro non ten grupos de Diversificación Curricular , a falta de espazos non permite dispoñer dunha ou dúas aulas permanentes para impartir os ámbitos de diversificación. Esta medida de atención ofrecémola a os nosos alumnos en colaboración co IES Perdouro, antes da avaliación de xuño nos coordinamos co seu departamento de orientación para propoñer o alumnado que precise esta medida.

Por outra banda, consideramos que as nosas medidas de atención á diversidade do réxime ordinario teñen continuidade no réxime de adultos, ampliando a oferta educativa para o alumnado con dificultades no seu proceso de ensino aprendizaxe.

No momento de atopar alumnos ou alumnas para os que un programa de reforzos sexa insuficiente para acadar os obxectivos mínimos de ciclo ou de etapa, o departamento de orientación, previa solicitude do titor ou titora, fará unha avaliación psicopedagóxica previa a calquera adaptación curricular individualizada (AC). Se fose necesario, solicitaremos avaliación de contraste do equipo específico de Lugo, segundo o procedemento oficial.

Dado que no presente curso non contamos con grupo de adquisición de linguas nin grupo de adaptación ó currículo para estranxeiros, é previsible a necesidade de novas ACS para o alumnado de incorporación tardía.

A creación dos grupos específicos, cunha atención temperá ó alumnado con NEE, acompañada da ACS, e a posibilidade de que, con carácter excepcional, poidan estar neses grupos alumnas e alumnos maiores de dezaseis anos, creemos que é a medida de atención á diversidade máis axeitada para noso centro. Non contamos con programas de diversificación (PDC); a existencia dun PDC de dous anos no IES Perdouro é a nosa alternativa para a parte do noso alumnado que cumpre co perfil axeitado. A coordinación entre os departamentos de orientación de ambos centros iníciase no terceiro trimestre do curso, desta maneira en setembro xa están todos os pasos dados para que poidan incorporarse ós grupos de diversificación. O alumnado de máis de 18 anos que, esgotada a escolaridade, quere obter o graduado en secundaria opta polo ensino de adultos.

## ADAPTACIÓNS CURRICULARES CURSO 2015-16

Coa LOMCE as AC deben renovarse cada ano lectivo. Ó inicio deste curso o alumnado con adaptación curricular atópase na situación abaixo recollida.

CURSO	NOME	CURSOS REP.	MATERIAS AC ou PENDENTES	EXENC.
1º-A	J. R. G.	2º Prim 1º ESO	<b>Nivel referencia 3ºciclo:</b> Inglés/ Matemáticas/ CC Sociais/ CC Naturais Para o curso 2014-15 RX446000 <b>Non superou Nivel referencia 3º ciclo Prim.</b>	Francés
1º-A	J. A. R. R.	6º Inf. 2ºPrim	Discapacidade psíquica 45% RX-783203 – AC en todas as materias. <b>Superou Nivel referencia 1º ciclo Primaria</b>	Francés
1º-A	A. S.G.	2ºPrim	RX-783204- AC en Primaria Nivel de Referencia de 2º Ciclo Prim. <b>Non supera AC de Inglés e Coñec. do Medio</b>	Francés

CURSO	NOME	CURSOS REP.	MATERIAS AC ou PENDENTES	EXENC.
2ºA	M.S. G.B.	6º Prim 2ºESO	RE en Primaria./ 5 pendentas <b>N. referencia 2ºciclo:</b> Mats/LC/LG/CCSS/ CCNN/ Ing Aprobada Nº Rº14E/054 <b>Músc e Tecnolx. con RE</b> <b>Supera Nivel de Ref. excepto en Mates</b>	Francés
2ºA	E. N. M. S.	1º ESO 2º ESO	<b>N. referencia 2ºciclo:</b> Mats/Cast/Ing/ Tecnol AC elaborada en Sarria <b>saída</b> <b>159144/RX156010</b> <b>Músc con RE</b> <b>Supera Nivel de Ref. excepto en Mates</b>	Francés
2ºB	L. M. G. S.	1ano flex 6º Prim	Incorporación tardía de C.V. en 2009 <b>N. referencia 2ºciclo:</b> Mats/LC/LG/CCSS/ CCNN/ Ing /Tecn./Música Aprobada Nº Rº14E/054 <b>Superou AC en Ingl. E Música</b> <b>Non superou AC no resto de materias</b>	Francés
2º B	A. T. M.	2 cursos flex. 2º ESO	Incorporación tardía de C.V. 28 nov. 2012. <b>N. referencia 2ºciclo:</b> Mats/LC/LG/CCSS/ CCNN/ Ing/ Tecn./Música Aprobada Nº Rº14E/054 <b>Non superou Nivel de Ref. en Linguas</b> <b>Superou Nivel de Ref. no resto de materias</b>	Francés,

## GRUPOS DE DESDOBRE E AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS

### CRITERIOS APLICADOS NA SELECCIÓN DO ALUMNADO CURSO 2015 - 16

Dentro do plan de atención á diversidade e, seguindo as circulares Nº 9/1999 e Nº 10/2010 establecemos agrupamentos específicos transitorios nos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO. Acordamos propoñer para os grupos de reforzo con desdobre nalgúns materias aqueles alumnos que cumpriran algunha das **condicións** seguintes:

- Ter dificultades xeralizadas de aprendizaxe.
- Que as medidas educativas anteriormente adoptadas, aínda que poideran ter sido insuficientes, foran acollidas de xeito positivo. Aínda que manifesten desmotivación escolar, esta terá que deberse ás experiencias repetidas de fracaso e non á falta de interese, pouca capacidade de esforzo ou rexeitamento manifesto do ámbito académico.
- Coa finalidade de compensar as carencias socioculturales que inciden no fracaso escolar, serán prioritarios para a incorporación ó programa aqueles alumnos e alumnas que teñen unha historia de falta de reforzo familiar e carencia de estímulos para superar os niveis escolares.
- O alumnado que promociona de curso con avaliación negativa nalgúns materias, preferentemente coas materias obxecto de desdobre en cada curso, poden ter nos grupos específicos o reforzo educativo que precisan para superarlas. Incluímos ó alumnado repetidor ou de promoción obrigada .
- Poderán incorporarse alumnas e alumnos con necesidades educativas especiais, coa correspondente adaptación curricular, excepcionalmente, sempre que as condicións de atención individualizada sexan favorecidas en este grupo.
- Aínda que non é unha esixencia a conformidade das familias, é convinte contar co seu apoio e colaboración, ou como mínimo coa súa aprobación, logo de ser informados polo departamento de orientación e tutoría.
- O centro solicita o enterado, conforme da familia, é por isto que en 3º e 4º non todos os alumnos propostos na reunión de titores aceptan formar parte destes agrupamentos específicos. Neste caso, temos o documento asinado no que se rexeita esta medida de reforzo.
- A comisión de coordinación pedagóxica propón as áreas de agrupamento específico:



<b>CURSO/ NIVEL</b>	<b>ÁREAS DE DESDOBRE</b>
1º ESO	- Lingua e literatura castelá - Matemáticas - Xeografía e Historia - Bioloxía e Xeoloxía
2º ESO	- Lingua e literatura galega - Ciencias Sociais - Ciencias Naturais
3º ESO	- Lingua e literatura castelá - Xeografía e Historia
4º ESO	- Lingua e literatura galega - Matemáticas - Ciencias Sociais

O tempo de permanencia nestas áreas de agrupamento é de 3 horas do horario semanal; o tempo total de desdobre semanal fóra dos grupos de referencia será de 12 horas en 1º; 9 horas en 2º e 4º de ESO e 6 horas en 3º de ESO.

Na reunión celebrada o mércores 18 de setembro de 2015, á que asistiron os titores, configuramos os agrupamentos específicos para este curso.

O alumnado de 1º de ESO foi proposto para o grupo específico polo departamento de orientación, vistos os informes dos centros de primaria, e logo de contactar cos departamentos de orientación nalgúns casos.

A meirante parte do alumnado de 3º e 4º de ESO foi proposto polas xuntas avaliadoras do pasado curso, hai alumnos de nova incorporación ó centro que foron propostos polo departamento de orientación, vistos os informes dos seus centros de procedencia.

Nas avaliacións iniciais as xuntas de profesores que imparten en cada curso poden propoñer a inclusión no agrupamento, ou a volta ó grupo de referencia, de aquelas alumnas ou alumnos que se considere preciso.

O profesorado que imparte nos grupos específicos ten destino definitivo no centro e, no posible, coincide co profesorado dos grupos de referencia.

**IV.- Elaborar propostas para a realización de actividades que fomenten a convivencia, participación e integración do alumnado.**

## **PLAN DE ACTIVIDADES DO DEPTO.**

No PAT inclúense programas de melloran a convivencia e a participación do alumnado, na primeira avaliación todos os cursos do centro preparan a elección de representantes e analizan os deberes e dereitos do alumnado (RRI).

De xeito transversal a formación de actitudes e valores que fomenten a interculturalidade o desenvolvemento da intelixencia emocional, a capacidade de resolución de conflitos, toma de decisións, etc., está presente en todas as actuacións do departamento.

O departamento de orientación colabora en distintas actividades xunto con outros departamento didácticos do centro:

- Dentro do **Plan PROXECTA** coordinamos o programa: “Clases sen fume”, para o alumnado de 1º de ESO, un proxecto interdisciplinar a desenvolver en titoría, Lingua castelá, Bioloxía e Xeoloxía e Educación Plástica.

- Mobilidade de alumnado Comenius (**MAC Erasmus Junior**), intervindo co alumnado de Burela que se despraza a Praga e co alumnado checo que recibimos en Burela no terceiro trimestre do curso.

-**PAP Grundtvig “Pathway to opportunities”**, un programa europeo de educación de adultos, coordinado polo noso centro e no que participan nove institucións de cinco países distintos. Dirixido á mellora na intervención con grupos en grave risco de exclusión social.

### **Actividades propias do departamento de orientación:**

Tentaremos a interdisciplinaridade e continuaremos coa colaboración dos servicios externos da zona: Hospital da Costa e Centro de Saúde, Concello, Cruz Vermella, Centro de prevención de drogodependencias, Axencia de desenvolvemento local, Oficina de información á Muller, Centro de recursos, Centro de formación ocupacional, Instituto Galego de Colocación, etc.

## RELACIÓN DE ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA O CURSO 2015-16

Nº	DATA	TIPO	TÍTULO ( BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE )	GRUPO/NIVEL
1	5-11 11-11	Charla-obradoiro	<b>“Xornadas de sensibilización ó autoemprego”</b> Tres charlas-obradoiro de catro horas cada una, coa participación dunha empresa de recente creación, do sector dos nosos ciclos	Todo o alumnado CM e CS
2	Decembro ou xaneiro	Mesa redonda	<b>FCT en Italia.</b> Alumnado participante no Erasmus a Italia contará a súa experiencia	Alumnado de ciclos
3	2º trimestre	Charlas-obradoiro	<b>Educación cara a saúde: “Prevención de drogodependencias”.</b> 2 sesións por curso e grupo, en horario de titoría. Impartidas por Maite Lanza, técnica do Centro de Prevención do Concello de Burela.	1º, 2º, 3º e 4º ESO
4	2º trimestre	Charlas-obradoiro	<b>Educación cara a saúde: “Educación afectivo-sexual”.</b> 2 sesións por curso e grupo, en horario de titoría. Impartidas por Minda Lusquiños, técnica do Centro de Saúde do SERGAS, Concello de Burela.	1º, 2º, 3º e 4º ESO
5	3º trimestre	Charla	<b>Programa “A ponte, entre o ensino medio e a UNI”</b> O acceso á Universidade, a oferta da USC .	BAC
6	3º trimestre	Visita	Campus universitario de Lugo. Visita á Escola de Artes Ramón Falcón e á Fundación TIC.	BAC
7	3º trimestre	Charla	Estudiar FP. A oferta formativa da Mariña presentada por representantes dos distintos centros. Posibles visitas a centros de FP da comarca.	4º ESO BAC

- **Obradoiro de hábitos de estudio.** Impartido pola orientadora, para o alumnado do 1º de ESO. Consta de cinco sesións desenvolvidas nas horas de titoría ou en Proxecto Interdisciplinar. O obxectivo principal é o acercamento da orientadora ós novos alumnos e o coñecemento das súas características máis relevantes.

- **XV Xornadas de Seguridade no traballo e prevención de riscos laborais.** En colaboración co departamento de Formación e orientación Laboral organízanse estas xornadas para alumnado de ensino de adultos e ciclos formativos. Obteñen título de técnico de prevención de 50 hs.

- **Habilidades sociais:** Para o alumnado da 1º de ESO obradoiros para favorecer o desenvolvemento da intelixencia emocional, impartidos pola orientadora. Están, asemade programados no PAT de 3º de ESO, a desenvolver polas titoras, co asesoramento da orientadora.

- **Programa de educación para a saúde:** Actividades complementarias en horario de titoría relacionadas con: hábitos e trastornos alimenticios, prevención de drogodependencias, sexualidade responsable, seguridade vial, seguridade no uso de Internet, primeiros auxilios...

- **Xornadas de busca activa de emprego e autoemprego.** Actividades complementarias de fomento da cultura emprendedora, para o alumnado do ensino de adultos e ciclos formativos, en colaboración co departamento de FOL e contando con servizos externos ( BIC Galicia, Cámara de comercio, Axencia de desenvolvemento local, etc).

- Programa Educativo Europeo **CARTA ERASMUS**, o departamento de orientación coordina o programa de estadías formativas en empresas estranxeiras para alumnado dos **ciclos formativos superiores** que se ofertan no centro.

- Programa Educativo Europeo **Leonardo**, o departamento de orientación colabora no programa de estadías formativas en empresas estranxeiras para alumnado do **ciclo formativo medio** de Coidados auxiliares de enfermería.

## **EN RELACIÓN COS PAIS E NAIS:**

**I.- Promover a cooperación entre a escola e as familias para unha maior eficacia e coherencia na educación do alumnado.**

Existe un espazo especialmente habilitado para as reunións coas familias. A sala de titorías, anexa ó despacho de orientación, ten asignado un horario para que cada

persona responsable da titoría dos grupos poda recibir ás nais e pais. Na recepción de alumnos, o primeiro día do curso, se lles informa desta hora semanal de atención ás familias. Hai, así mesmo, flexibilidade no horario de recepción, cando as familias o solicitan.

A orientadora está disponible para a atención a tódolos membros da comunidade escolar durante toda a xornada de traballo, agás nas horas de reunións; o alumnado e os titores coñecen esta disponibilidad, é posible a atención incluso sen ter cita previa.

É moi importante o diálogo e o intercambio de información entre os dous grupos máis incidentes na educación: profesorado e familias, este diálogo vense facendo a través da primeira reunión informativa entre os titores e o grupo de pais e nais, e nas visitas de titoría. O departamento de orientación colabora organizando, con xefatura de estudos, estas primeiras visitas que se celebran na semana seguinte ás avaliacións iniciais.

Ó remate de 6º de primaria a orientadora ten unha reunión coas familias dos que serán nosos alumnos. Ó inicio de 1º de ESO, repítese a reunión como acollida. Nestas reunión se lles informa da organización do centro, do PAT e se lles facilita o procedemento para solicitar entrevistas personais, poñéndonos á súa disposición. As familias son moi receptivas.

## PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR

O obxectivo do Plan é conseguir unha mellora da convivencia no noso centro de educación favorecendo a comunicación entre os membros da comunidade educativa e mellorando as relacións interpersonais.

### **Destinatarios:**

Alumnado, profesorado e familias do noso centro.

### **Obxectivos:**

- Favorecer no alumnado a comprensión e aceptación dos principios e valores nos que se sustenta a convivencia democrática.
- Desenvolver e mellorar nos membros da comunidade educativa as habilidades sociais que favorezan a convivencia escolar.
- Impulsar a comunicación entre os membros da comunidade escolar establecendo as canles oportunas.
- Previr conductas problemáticas e aplicar estratexias de resolución de conflitos, como a mediación, o diálogo, etc.

### **Actuacións:**

O plan de orientación e acción tutorial recollerá as medidas tendentes a favorecer a convivencia e a comunicación, entre as que se propoñen que figuren as seguintes:

#### **I- Acción tutorial:**

De acordo co plan de orientación e acción tutorial do centro, a xefatura de estudos, xunto co servizo de orientación e os tutores, concretarán a acción tutorial de cada nivel e os instrumentos para levarla a cabo.

Ésta incluirá, por una parte, o diagnóstico da situación do grupo e, en particular, das posibles situacións de risco, para prever os conflitos que poidan surdir. Por outra, recollerá os acordos do equipo de nivel acerca dos valores, competencias e habilidades sociais sobre os que se vai a incidir a o longo do curso dende todas as materias.

Asemade incluirá a forma de abordar mellor na clase as normas do Regulamento de Réxime Interior máis relacionadas coa convivencia.

Finalmente, cada titora ou tirtor, en cooperación co o alumnado, establecerá as normas internas de convivencia no seno do grupo e as estratexias para previr e resolver os pequenos conflitos cotidianos. Asimismo, fará partícipes ás familias dos aspectos do programa de convivencia que se van traballar no curso e as orientará sobre a forma de abordarlos no entorno familiar.

## **II- Mellora da comunicación**

Para conseguir no centro un clima escolar seguro e gratificante é imprescindible unha comunicación fluida entre os seus membros, sóamente así poderanse modificar conductas e mellorar o rendimento do alumnado. Por iso neste programa propónse que o centro habilite os instrumentos e canles oportunos para a comunicación entre os compoñentes da comunidade escolar -taboleiro de anuncios, paneis informativos, buzón de suxerencias, uso das tecnoloxías da comunicación e información...-, potencie a autonomía das delegadas e delegados de alumnado para consultar e recoller o sentir dos seus compañeiros e, finalmente, se realicen reunións periódicas de delegados e delegadas de curso cos titores e a dirección (xefatura de estudos, vicedirección) , para recoller as inquedanzas e demandas do alumnado.

## **III- Prevención de conductas problemáticas e resolución de conflitos graves:**

- Como medida xeral, é oportuno recordar que un centro, coidado no seu aspecto físico, onde se respira un clima amable e acolledor, que todos, profesorado, alumnado, etc. poidan chegar a apreciar como algo propio e valioso, é sen dúbida un factor de primeiro orden para a prevención da violencia escolar. Por iso favoreceranse proxectos de ambientación, nos que participe toda a comunidade escolar, que melloren o aspecto externo do centro (O departamento de Artes plásticas ven traballando neste senso desde hai anos).
- O departamento de orientación, dende as titorías, traballa na mellora da intelixencia emocional con programas de habilidades sociais para favorecer as extratexias de convivencia cara á resolución pacífica de conflitos.
- En primeiro lugar é necesario identificar as situacións de violencia escolar, que poden agruparse nas seguintes categorías: violencia entre iguais, violencia hacia o profesor, conflito de poder (profesor-alumno) e absentismo. Para dicha identificación se utilizarán instrumentos como a observación directa, as enquisas, as entrevistas, etc. Unha vez identificado, se precisarán claramente os límites e as características do conflito: alumnos afectados, causas e consecuencias, posibles responsables e vítimas, etc., e actuarase

coa maior celeridade. No portal educativo da Xunta disponemos de procedementos e protocolos <http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal> :

Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia.

Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.

- Para responder ós conflitos se utilizará, sempre que sexa posible, a mediación e, no último extremo, se recurrirá á sanción. A tal efecto o centro deberá adoptar distintas fórmulas de mediación (persona o equipo mediador), que brinde a oportunidade de diálogo entre os afectados para intentar chegar a un acordo. É un obxectivo crear un equipo de mediación, ofreceráse ós mediadores unha formación específica en técnicas de resolución de conflitos.

- Unha das accións que se realizarán con regularidade para previr as condutas violentas son as campañas de sensibilización entre alumnado e familias. Nelas se explicarán as diversas formas nas que a violencia pode presentarse, co fin de que o alumnado sexa consciente do problema e actúe para evitar o “pacto de silencio” que se da en moitos casos. Non se pode ser “expectador neutro”

Adxuntamos un modelo dun dos caderniños nos que se resumen as normas de convivencia no centro, que os titores entregan ás familias nas reunións de principio de curso. Varían os contidos según sexan dirixidos a 1º e 2º de ESO, 3º e 4º de ESO ou BAC, para adaptarse as peculiaridades de cada curso e nivel educativo.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
INSTITUTO DE  
ENSINANZA SECUNDARIA

# "Monte Castelo"

BURELA (Lugo)

Tfno: (982 58 08 89) – Fax: (982) 58 09 38

E-mail: [ies.monte.castelo@edu.xunta.es](mailto:ies.monte.castelo@edu.xunta.es)

web: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesmontecastelo/>

## NORMAS DE CONVIVENCIA 1º-2º ESO

Curso: 2.015-2.016

Titor:

Atención ás familias:

### 01./ HORARIO DE CLASES E PROFESORADO.

Mañás de luns a venres de 08'30 a 14'00.  
Tardes do luns de 16'15 a 17'55

Para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores hai un horario de atención especial para cada materia.

### 02./ FUNCIONAMENTO DO CENTRO

A comunidade escolar ten que ser consciente de que para o bo funcionamento do noso Centro é imprescindible a COLABORACIÓN E A RESPONSABILIDADE DE TODOS. Para iso debemos cumprir unha serie de **NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA**:

- O alumnado debe seguir as orientacións e indicacións dos profesores respecto da súa aprendizaxe, e mesmamente mostrarlle o debido respecto e consideración.
- O alumnado debe respectar o exercicio do dereito ó estudio dos seus compañeiros.
- Todos e cada un dos alumnos son responsables da consecución dun bo ambiente de traballo no Centro, o que implica un comportamento pertinente, que se concreta nas seguintes conductas:

- . *Transitar sen estridencias polos pasillos, andando e non correndo.*
- . *Mante-la compostura adecuada na aula.*
- . *Cumpli-las normas básicas de educación (sacar a gorra en espazos cubertos, saúdar ó entrar nun local, chamar e pedir permiso para entrar, pedir as cousas por favor, ...)*
- . *Ter sempre dispostos os materiais para o traballo.*
- . *Non interromper o normal desenvolvemento da actividade lectiva.*
- . *Levantar a man cando se quere intervir.*
- . *Evitar comentarios alleos ao que se está a tratar, ...*

- A conservación e limpeza dos distintos espazos e mobiliario ós que accedemos é responsabilidade individual e colectiva de tódolos seus usuarios.
- Non está permitido mascar chicle, comer nin consumir bebidas dentro do Centro. Para tal efecto temos o patio e a cafetería dispoñibles nos RECREOS e ao inicio e remate de cada xornada.
- Está PROHIBIDO FUMAR en TODO O RECINTO ESCOLAR.
- Está PROHIBIDO utilizar o MÓVIL ou reprodutores de música durante as sesións lectivas.
- Non está permitido PERMANECER DENTRO DA AULA nin polos CORREDORES durante os recreos, agás permiso expreso do profesorado de garda. O alumnado debe saír ó patio ou ben ir á biblioteca.

O NON CUMPRIMENTO DAS NORMAS que rexen no Centro, **APROBADAS POLO CONSELLO ESCOLAR**, e recollidas no **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO (RRI)**, conleva a aplicación de medidas disciplinarias que varían dependendo se a conducta contraria ás normas de convivencia é leve, grave ou moi grave. Logo da AMONESTACIÓN VERBAL, se persiste á conducta, faise un APERCEBIMENTO por escrito que se informa a os responsables da titoría e a Xefatura de Estudos que informarán á familia, quedando constancia nos informes académicos do alumno. En caso de reincidencia tomaríanse as medidas oportunas segundo o RRI, documento que está a disposición de toda a comunidade escolar.

É de desexar que este tipo de situacións sexan resoltas entre toda a COMUNIDADE ESCOLAR: familias, alumnado e profesorado, mantendo unha ESTREITA COLABORACIÓN PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA.

- **Asistencia ás clases:**

- A ASISTENCIA É OBRIGATORIA. O profesor titor levará control da asistencia dos seus titorandos, tomando debida nota das ausencias, e comprobando o motivo.
- Os pais/nais ou titores legais teñen a OBRIGA DE XUSTIFICAR AS FALTAS de asistencia indicando o MOTIVO DAS MESMAS mediante un impreso está á disposición de familias e alumnos na conserxería do Centro. Si vostedes NON SON COÑECEDORES DA FALTA que se lles comunica, OU NON ESTÁN DACORDO CO MOTIVO DA MESMA, deben cubrir igualmente o IMPRESO DE XUSTIFICACIÓN DE FALTAS, marcando a opción **NON XUSTIFICO A SÚA AUSENCIA**. Si a falta é xustificada para vostedes, marquen onde pon **XUSTIFICO A SÚA AUSENCIA**. En calquera caso **DEBEN CUBRIR O IMPRESO**.
- O Instituto, a Inspección educativa e os Servicios sociais do Concello teñen un **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CONTRA O ABSENTISMO ESCOLAR**, nos seguimoe dito protocolo.
- As faltas de asistencia deben comunicarse:
  - . CON ANTERIORIDADE a que ésta se produza, se está prevista a ausencia.
  - . **NO MOMENTO** en que se produce, persoalmente, ou a través dunha **chamada telefónica**.
  - . No momento da INCORPORACIÓN do alumno ó centro, en caso de que a falta non estivera prevista.
- O titor levará un control individualizado das faltas. Se houbera faltas sen xustificar apercibiríase ó alumno e comunicariánselle por correo á familia.
- NON SE CONSIDERARÁ XUSTIFICADA unha falta cando exista constancia por parte dalgún membro da comunidade educativa de que o alumno permaneceu no recinto escolar sen asistir a clase ou ben foi visto fóra do Centro en lugares non adecuados ó momento (cafeterías, salas de xogo, ...), aínda que os pais/nais ou titores legais, incurrindo nunha ilegalidade manifesta, xustifiquen a falta con outros argumentos. Do mesmo xeito, NON SE CONSIDERARÁ XUSTIFICADA unha falta de asistencia si hai constancia de que o motivo da ausencia ás clases NON TEN XUSTIFICACIÓN VÁLIDA E CONVINCENTE.
- Nos casos que se considere necesario, por reiteración de faltas, pedirase a documentación oficial oportuna.
- A falta de asistencia a clases DE FORMA REITERADA E **SEN XUSTIFICACIÓN VÁLIDA** pode provoca-la imposibilidade de aplicar correctamente os criterios de AVALIACIÓN CONTINUA. A tal efecto establécese o seguinte baremo:

Horas semanais por materias	Faltas sen xustificar		
1 hora de clase semanal	1	2	3
2 horas de clase semanal	2	3	4
3 horas de clase semanal	3	4	6
4 horas de clase semanal	4	6	8
<b>Apercebementos</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>

O procedemento de apercebementos é como segue:

**1º apercebemento:** COMUNICACIÓN Ó ALUMNO, por escrito e COMUNICADO ÓS PAIS en entrevista persoal. Daráse constancia á Xefatura de Estudos de dito apercebemento.

**2º apercebemento:** AMONESTACIÓN POR ESCRITO, asinada polo Xefe de estudos, e COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS mediante entrevista persoal, insistindo na OBRIGATORIEDADE DE ASISTENCIA ÁS CLASES, e reiterando do riscos de perda do dereito á avaliación continua.

**3º apercebemento:** O titor elaborará un INFORME que entregará Á XEFATURA DE ESTUDIOS e ésta convocará á **Xunta de Avaliación do Grupo**, que debaterá o caso. A Xefatura de Estudos comunicará por escrito o resultado das deliberacións á familia do alumno. Esta falta pode conlevar á pérdida do dereito á avaliación continua.

Cando, esgotados os recursos que o Centro ten ó seu alcance, que son os anteriormente sinalados, e o Centro siga tendo constancia da NEGLIXENCIA ou PERMISIVIDADE POR PARTE DOS PAIS ou TITORES LEGAIS non

INCUMPRIMENTO do deber de asistencia do alumno ás clases, o Centro ten a obriga de comunicar tal situación ás AUTORIDADES COMPETENTES para que éstas adopten as medidas que consideren oportunas.

- **Puntualidade:**

- Os alumnos teñen o deber de asistir a clase con puntualidade. A tardanza no acceso á aula por parte do alumnado será considerada como FALTA DE ASISTENCIA. Unha vez oídas as explicacións que o alumno aporte sobre as circunstancias do seu retraso, o profesor terá a ben ou non admitilas.
- As sesións duran 50 minutos. Soará o timbre para indicar o final dunha sesión e o comezo da seguinte. Os alumnos non poderán andar polos corredores entre sesións. O soar do timbre somentes avisa ao profesorado do cambio de clase. A clase non remata ata que o profesor, baixo a súa responsabilidade, así o considere.
- Preséntanse con frecuencia casos de alumnos que chegan habitualmente tarde á primeira hora. Desde titoría se informará a os responsables familiares que deben tomar nota de tal circunstancia e procurar que esta situación sexa corrixida.
- **Horarios:**
- O alumnado ten o deber de cumprir e RESPECTAR OS HORARIOS aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro. En caso de tardanza ou ausencia do profesor correspondente, os alumnos deben PERMANECER NA AULA, COA PORTA ABERTA ata a chegada do profesor de garda, que é a persoa responsable de atender ós alumnos afectados.
- Teñen asemade a obriga de PERMANECER DENTRO DO RECINTO escolar durante o periodo lectivo. Somentes poderán abandonar o recinto escolar dentro do período lectivo CANDO EXISTA PERMISO EXPRESO por parte do titor ou a dirección para ausentarse.
- NON SE PERMITIRÁ SAÍR do Centro ó alumnado menor de dezaseis anos que non vaia acompañado dalgún familiar ou persoa autorizada, ou sin o correspondente XUSTIFICANTE.

### 03. / O CENTRO E OS SEUS RECURSOS

- **Recursos e instalacións do Centro:**

- Os alumnos deben COIDAR E UTILIZAR CORRECTAMENTE os recursos e instalacións do Centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa. A conservación das aulas e os seus materiais (mesas, sillas, estanterías, dicionarios, libros, ...) é responsabilidade directa de todos os seus usuarios. Calquera DESPERFECTO INTENCIONADO será reparado mediante traballo para a comunidade ou con cargo económico polos responsables.

- **Biblioteca:**

- A biblioteca do Centro permanecerá aberta en horario de mañá e tarde. Estará atendida por un profesor. Non está permitido permanecer nela durante as sesións de clase agás permiso expreso do profesorado. Ademais do material impreso conta con varios ordenadores conectados a internet.
- Para o préstamo de libros é necesario o carnet da biblioteca.

- **Taquillas:**

- Os alumnos de 1º, 2º e 3º de ESO teñen asignada unha TAQUILLA PERSOAL para poder gardar o material académico. Poderán acceder a elas Ó ENTRAR POLAS MAÑÁS, nas SAÍDAS E ENTRADAS DOS RECREOS e Ó FINAL DA MAÑÁ. **Non poderán ir a ela no transcurso dunha sesión de clase.** Deben preve-lo material que van necesitar para as dúas sesións sin descanso no intermedio.
- O Centro permanece aberto todas as tardes o que permite acceder ó material que poidera quedar esquecido.

- Para usar o material e instalacións do Centro pódelle ser REQUERIDO O CARNÉ .

#### **04./ VÍAS DE PARTICIPACIÓN DOS PAIS:**

ANPA e CONSELLO ESCOLAR: Son estes os dous vehículos normais de participación nos centros educativos. A ANPA creouse recentemente, é recomendable a participación nas reunións que convoca. Son dous representantes das familias no Consello Escolar, e un máis da ANPA.

#### **05./ PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

No horario de cada grupo hai unha sesión semanal de tutoría de alumnos. O departamento de orientación coa intervención directa dos TITORES tentará cumprir os **obxectivos do Plan de Acción Tutorial (PAT)**, contando en ocasións coa colaboración de profesionais externos ó centro (Prevenção de drogodependencias, Hospital da Costa, Cruz Vermella, Servizo Sociais do Concello,...):

- Colaborar coas familias no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos
- Coñecer e axudar a cada alumno nas súas necesidades específicas, escoitando as súas inquedanzas e problemas.
- Desenvolver programas que melloran a formación do noso alumnado en aspectos tan diversos como:

*. Acollida do novo alumnado.  
. Normas de convivencia do centro.  
. Hábitos e técnicas de estudio  
. Prácticas de convivencia democrática.  
. Habilidades sociais.  
. Educación cara a saúde  
. Información académico-profesional.*

**Victoria Pérez**, a **ORIENTADORA** do Centro está a disposición de toda a comunidade educativa e atenderá ás persoas que desexen entrevistarse con ela para tratar calquera aspecto que consideren oportuno sobre o proceso educativo dos alumnos. **O alumnado pode solicitar cita nos recreos**, aínda que pode buscarse unha hora diferente que facilite a asistencia. O horario de atención está exposto na porta da sala de Tutorías. Télf. de contacto: **982 58 08 89** e **662 360 329**.

#### **06./ OUTRAS FUNCIÓNS DA TUTORÍA: O TITOR E AS FAMILIAS:**

- A colaboración entre o centro educativo e as familias é fundamental para dar unha formación coherente. Pensemos que en todo momento estamos a facer un LABOR EN COMÚN. O titor actuará de mediador entre o profesorado e as familias para recoller información acerca do TRABALLO E ACTITUDE de cada un dos seus titorandos nas diferentes áreas.
- Entrevistarase coas familias **na hora que lle foi asignada** pola Dirección do Centro. Excepcionalmente, se a algunha familia **non lle fora posible asistir** dentro do horario asignado, o titor buscaría un horario alternativo no que poder reunirse.
- É imprescindible, salvo casos excepcionais, **SOLICITAR A CITA** con antelación para que o titor poida recoller información do profesorado.
- Dende tutoría ou o departamento de orientación pode convocarse ás familias cando se considere oportuno ou se é preciso comunicarlle calquera incidencia.
- Pódese concertar a cita directamente, a través do alumno ou vía telefónica, **CHAMANDO Ó 982 58 08 89**, preguntando polo titor.

- É importante que as familias asistan ás reunións ás que se lles convoque, asemade lles recomendamos facer un seguimento da evolución particular dos titorandos solicitando periódicamente cita co titor.

#### **07./ CRITERIOS XERAIS DE COORDENACIÓN DIDÁCTICA:**

Preténdese crear na aula un clima que favoreza o traballo e a motivación do alumno, así como a confianza necesaria para que resolva todas as súas dúbidas. Os profesores empregarán diversos procedementos para avaliar as capacidades e o traballo desenvolvidos polo alumno. En todo caso estes procedementos estarán consensuados polos membros de cada departamento didáctico e figurarán na PROGRAMACIÓN DE CURSO, documento que está a disposición de toda a comunidade educativa.

A avaliación será continua e diferenciada según as distintas materias, farase tendo en conta os seguintes aspectos:

- - O traballo diario do alumno na aula, valorando: a súa actitude de atención e participación; a súa constancia e tenacidade para resolver dificultades.
- - O traballo fóra da aula, valorando: A súa responsabilidade e capacidade de organización e preparación de cada materia. A realización de tarefas de reforzo ou ampliación. A valoración de calquera traballo realizado fóra da aula **SERÁ COTEXADO CO TRABALLO REALIZADO NA MESMA.**
- - As probas escritas

#### **08./ COMO COLABORAR MELLOR CO TRABALLO DIARIO.**

- Debemos coidar os hábitos alimentarios e respectar os períodos de descanso que posibilitan unha vida saudable así como axudar na organización dos necesarios períodos de lecer que favorecen o desenvolvemento dos xoves estudantes. Debemos ter especial coidado cos excesos (de televisión, consolas, xogos de ordenador, saídas...), non dubide en pedir ASESORAMENTO ó departamento de orientación

- A orde e a organización do traballo na casa é fundamental. Debemos procurar uns hábitos tanto no horario e lugar de estudo como na planificación das tarefas diarias. Convén que ó remate do estudo diario o alumno deixe preparado todo o material para as clases do día seguinte, deste xeito evítanse confusións e olvidos

- É fundamental interesarnos polo traballo que desenvolve, a súa adaptación ó grupo de compañeiros, as súas amizades, ó tempo que favorecemos a súa capacidade de organización responsable e a adquisición da autonomía independencia. Debemos supervisar sen "vixiar", **ATENCIÓN A AXENDA DE CLASE, e de uso obrigado.**

#### **9./ ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: RECURSOS ORGANIZATIVOS:**

Para facilitar que o alumnado alcance o máximo desenvolvemento personal, intelectual, social e emocional noso centro dispón dos seguintes recursos ordinarios para atender ás necesidades educativas especiais.

- **EXENCIÓN DE FRANCÉS.**

Proposta como *medida excepcional* para o alumnado que amose dificultades significativas nas áreas instrumentais que aconsellen un reforzo nas técnicas de comprensión e expresión verbal. En primeiro e segundo de ESO algúns alumnos teñen reforzo impartido polo departamento de orientación.

Dende a tutoría e o departamento de orientación se comunicará particularmente en cada caso a proposta da xunta avaliadora para esta exención.

- **OS AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS**

- Son GRUPOS REDUCIDOS de alumnos que permiten unha ATENCIÓN MÁIS PERSOALIZADA a aqueles que teñen dificultades no proceso de ensino aprendizaxe, respecto o seu grupo de referencia.

- Afectan ás materias de MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS, CIENCIAS NATURAIS e LINGUA ESPAÑOLA en **primeiro curso** de ESO. En **segundo curso** de ESO a materia de LINGUA CASTELÁ cambia por LINGUAGALEGA. No resto das materias asistirán sempre co grupo de referencia.

- As materias do agrupamento teñen un horario específico, dentro da xornada escolar ordinaria. Son impartidas por o mesmo equipo de profesores que imparte no grupo de referencia.

- **O PLAN PIM E OS REFORZOS EXTRAESCOLARES VONTARIOS**

- Este curso desaparecen os reforzos do Plan PROA, temos solicitado un novo programa para alumnado con dificultades de aprendizaxe, pero aínda non hai resolución.

- Quenes promocionen con **materias pendentes** seguirán os programas de refuerzo que estableza o equipo docente, **o horario de pendentes adxuntase** ó final deste documento.

## 10. / CRITERIOS DE PROMOCIÓN

- As decisións sobre promoción ou titulación serán tomadas colexiadamente polo conxunto de profesores do alumno. Hai dúas convocatorias en cada curso escolar: **XUÑO E SETEMBRO**. A LOE establece os seguintes criterios de promoción:

1. Os alumnos promocionarán de curso cando teñan superados os obxectivos das materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas, xa sexa en xuño ou en setembro.
2. Repetirán curso cando, despois da convocatoria de setembro, teñan avaliación negativa en tres ou máis materias.
3. O alumno poderá repetir o mesmo curso unha vez, e dous veces como máximo nunha etapa.
4. O alumno que repetindo o primeiro curso de ESO, teña máis de tres materias pendentes, pasará a segundo. O mesmo criterio se aplicará a segundo. Se repetido segundo a xunta avaliadora considera que hai expectativas favorables de recuperación poderá incorporarse a un PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR. Se a xunta avaliadora non considera que existan expectativas favorables de recuperación, excepcionalmente e co acordo de país e alumnos poderán cursar PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL.
5. Excepcionalmente, poderá repetir carto curso dúas veces o alumno que non teña repetido nos cursos anteriores de etapa.

-Titulará como GRADUADO EN SECUNDARIA quen teña superado 4º de ESO. Con carácter excepcional aqueles que na convocatoria extraordinaria (setembro) teñan un máximo de dúas materias suspensas, deste curso ou dos anteriores.

## PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Ó inicio de curso o departamento de orientación convoca reunións de acollida ós titores na que se lles facilita información sobre o funcionamento das titorías no centro así como os recursos á súa disposición:

CARPETAS DE INFORMES DE TITORÍA- Custodiadas no despacho do departamento de orientación, anexo á sala de reunión coas familias. Agrupadas por curso e grupo.

A CARPETA DE CADA ALUMNO CUSTODIA OS SEGUINTE DOCUMENTOS:

- INFORME INDIVIDUALIZADO. Asinado polo titor ou titora do curso anterior. Se o alumno ten materias pendentes para setembro, o informe rematarase de cubrir despois da avaliación extraordinaria. Neste informe constarán as medidas de atención á diversidade, se é o caso.
- COPIA DA PROPOSTA DE EXENCIÓN DE FRANCÉS, se é o caso.
- COPIA DA PROPOSTA DE AGRUPAMENTO ESPECÍFICO, se é o caso. Tamén farase proposta ao alumnado que continúa do curso anterior.
- COPIA DA PROPOSTA para cursar FP Básica, se é o caso.
- INFORME DA ADAPTACIÓN CURRICULAR, se é o caso.
- COPIA DO BOLETÍN DE NOTAS DA AVALIACIÓN FINAL.

Ó REMATE DE CURSO ÓS DOCUMENTOS ANTERIORES ENGADIRASE:

- ALUMNADO PROPOSTO PARA AGRUPAMENTO ESPECÍFICO OU PARA FP BÁSICA LEVARÁ INDICACIÓN NO BOLETÍN DE NOTAS.
- NO BOLETÍN DE NOTAS DO ALUMNADO PROPOSTO PARA FP BÁSICA SE LLES INDICARÁ QUE SE ENTREVISTEN COA ORIENTADORA Á MAIOR BREVIDADE POSIBLE.

Ó longo do curso os titores serán os encargados de transmitir os acordos do departamento ó equipo docente do grupo que titorizan, sen prexuízo de que as datas de desenvolvemento de programas específicos sexan expostas no taboleiro da sala de profesores.

## CALENDARIO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

### PRIMEIRA AVALIACIÓN 1º ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDO DAS SESIÓNS
1º	Presentación, ficha titorial de datos personais. Que queremos como grupo?, expectativas respecto ó curso que comeza.
2º	Información: funcións da titoría, recollida de suxerencias respecto a temas que lles interesaría tratar.
3º	Como é a miña personalidade? Perfil dun delegado. Debate grupos, cuestionario, características dun delegado.
4º	Eleccións a representante de curso (procedemento e acta). (semana do 6- 10 outubro)
5º	Normas de convivencia do centro. Presentación do Programa "Clases sen fume"
6º	Órganos directivos dos centros educativos e funcións destes.
7º	Resultados da avaliación inicial
8º	Organización do estudio: a axenda.
9º	Organización do estudio: facer un "planing" cada día.
10º	25 nov. día mundial para a eliminación da violencia contra as mulleres
11º	Compromiso e cuestionarios de "Clases sen fume"
12º	Análise da avaliación: Pre-avaliación

\* Reunión informativa coas familias, despois das avaliacións iniciais. Temos un guión para a sesión. Hai un cuestionario para as familias, pode ser interesante para recoller máis información.

## SEGUNDA AVALIACIÓN 1º ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDOS DAS SESIÓNS
<b>1º</b>	Preparando o 2º trimestre; obxectivo: mellorar o rendemento académico e a convivencia na aula.
<b>2º</b>	Organización do estudo: os cadernos de apuntes, organización e clasificación das fotocopias.
<b>3º</b>	Lema e logo- “Clases sen fume”
<b>4º</b>	Programa de educación afectivo-sexual, impartido pola sexóloga dos servizos sociais do Centro de Saúde de Burela.
<b>5º</b>	
<b>6º</b>	A intelixencia emocional: autoconceito e autoestima.
<b>7º</b>	Educación para a saúde- Prevenc. Drogodependencias: 2 sesións impartidas por unha técnica do centro de prevención de drogodependencias do Concello.
<b>8º</b>	
<b>9º</b>	A presión do grupo: dicir “non”
<b>10º</b>	Protocolo de evacuación do centro
<b>11º</b>	Pre-avaliación da segunda avaliación
<b>12º</b>	Que é o RRI ( regulamento de réxime interior)?, dereitos e deberes do alumnado, normas de convivencia no Centro.
<b>13º</b>	20 de marzo- “ <b>Día mundial do sueño</b> ” Hixiene e bós hábitos

## TERCEIRA AVALIACIÓN 1º ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDO DAS SESIÓNS
<b>1º</b>	Análise de resultados da 2º avaliación: recta final para o remate de curso.
<b>2º</b>	Habilidades sociais, resolución de conflitos na aula.
<b>3º</b>	
<b>4º</b>	
<b>5º</b>	Programa de educación en valores: Traballo en titoría cos materiais “clases sen fume”.
<b>6º</b>	
<b>7º</b>	
<b>8º</b>	Programa de educación vial: 1º - “Seguridade vial y juventud”, comentario dos alumnos. Con materiais da DGT
<b>9º</b>	Seguridade vial do ciclista
<b>10º</b>	Calendario de exames finais.
<b>11º</b>	Promoción a 2º de ESO. Aprender no verán.
<b>12º</b>	Auto- avaliación final. Aval. da titoría.



# CALENDARIO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

## PRIMEIRA AVALIACIÓN 2º ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDO DAS SESIÓNS
1º	Presentación, ficha titorial de datos personais. Que queremos como grupo?, expectativas respecto ó curso que comeza.
2º	Información: funcións da titoría, recollida de suxerencias respecto a temas que lles interesaría tratar.
3º	Como é a miña personalidade? Perfil dun delegado. Debate grupos, cuestionario, características dun delegado.
4º	Eleccións a representante de curso (procedemento e acta). (semana do 6- 18 outubro)
5º	Normas de convivencia do centro
6º	Órganos directivos dos centros educativos e funcións destes.
7º	Resultados da avaliación inicial
8º	Organización do estudo: a axenda.
9º	Organización do estudo: os cadernos de apuntes, clasificación das fotocopias.
10º	25 nov. día mundial para a eliminación da violencia contra as mulleres
11º	Análise da avaliación: Pre-avaliación

\* Reunión informativa coas familias, despois das avaliacións iniciais. Temos un guión para a sesión. Hai un cuestionario para as familias, pode ser interesante para recoller máis información.

## SEGUNDA AVALIACIÓN 2º ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDOS DAS SESIÓNS
<b>1º</b>	Preparando o segundo trimestre; obxectivo: analizar os resultados da avaliación e facer un plan para mellorar académicamente.
<b>2º</b>	Educación Vial: A bicicleta
<b>3º</b>	
<b>4º</b>	Educación para a saúde- Prevenc. Drogodependencias: 2 sesións impartidas por unha técnica do centro de prevención de drogodependencias do Concello.
<b>5º</b>	
<b>6º</b>	Programa de educación en valores: Desenvolvido con materiais aportados polo Centro de Prevención de drogodependencias do Concello.
<b>7º</b>	
<b>8º</b>	<b>Programa de educación afectivo –sexual.</b>
<b>9º</b>	
<b>10º</b>	Última semana de febrero: Protocolo de evacuación do centro (páx. Web)
<b>11º</b>	8 marzo- Día internacional da muller
<b>12º</b>	Pre-avaliación da segunda avaliación
<b>13º</b>	20 de marzo- <b>“Día mundial do sueño”</b>

## TERCEIRA AVALIACIÓN 2º ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDO DAS SESIÓNS
1º	Análise de resultados da 2ª avaliación: recta final para o remate de curso.
2º	Seguimento dos programas individualizados de reforzos, preparando a recta final.
3º	
4º	
5º	Programa de educación en valores: asertividade, autoestima.
6º	
7º	
7º	Promoción, análise de fin de ciclo. Información das optativas de 3º de ESO. A FP básica.
8º	Programa de educación en la red: responsabilidade no uso da Internet. <a href="http://www.pantallasamigas.net/">http://www.pantallasamigas.net/</a> Programa interactivo
9º	
10º	
11º	Organización do verán. Estudio de materias con avaliación negativa.
12º	Auto- avaliación final. Aval. da titoría.

# CALENDARIO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

## PRIMEIRA AVALIACIÓN – 3º ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDO DAS SESIÓNS
1º	- Presentación. Ficha titorial de datos personais. Que queremos como grupo?, expectativas respecto o curso que comeza. - Información: funcións da titoría, recollida de suxerencias respecto a temas que lles interesaría tratar.
2º	
3º	Funcións do delegado e a xunta de delegados. Perfil, debate e presentación de candidaturas.
4º	Elección de delegado (procedemento e acta).
5º	- Que é o RRI (regulamento de réxime interior)? dereitos e deberes dos alumnos, normas de convivencia no centro.
6º	
7º	Resultados da avaliación inicial.
8º	Organización do horario de estudo. Revisión das normas para facer unha boa planificación do estudo.
9º	Elaboración do calendario de exámes.
10º	- Cuestionario de Técnicas e hábitos de estudo. Autocorrección por parte de cada alumno. - Comentario e análise dos resultados do cuestionario. ELSER3. Recordando o método de estudo
11º	
12º	Autoavaliación. Preavaliación da 1ª av.
13º	Órganos de xestión do centro: O consello escolar

\* Reunión informativa coas familias, despois das avaliacións iniciais. Temos un guión para a sesión. Hai un cuestionario para as familias, pode ser interesante para recoller máis información

## SEGUNDA AVALIACIÓN 3º - ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDO DAS SESIÓNS
1º	Análise dos resultados da primeira avaliación, estudio dos cambios posibles para mellorar. Incidir na conveniencia da planificación do estudio diario.
2º	<p><b>Programa de educación cara á saúde, educación afectiva e sexualidade responsable.</b></p> <p><i>Cinco sesións</i></p> <p><i>(Imparte a Cruz Vermella de Burela e a sexóloga do Centro de Saúde)</i></p>
3º	
4º	
5º	
6º	
7º	Educación para a saúde- Prevenc. Drogodependencias: 2 sesións impartidas por unha técnica do centro de prevención de drogodependencias do Concello.
8º	<p><b>Programa de habilidades sociais:</b></p> <p>-Tipos de personalidade: agresiva, pasiva e asertiva.</p> <p>-Entrenamento en asertividade e resolución de conflitos: procedemento e exemplos (casos prácticos aportados polos alumnos).</p>
9º	
10º	Plan de evacuación do Centro.
11º	Pre-avaliación da segunda avaliación. Estratexias para rematar o curso.

## TERCEIRA AVALIACIÓN 3º ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDO DAS SESIÓNS
1º	Avaliación de resultados da segunda e planificación do remate de curso.
2º	Seguimento dos programas individualizados de reforzos, preparando a recta final. Elaborar o calendario de exámenes.
3º	
4º	<b>Programa de toma de decisións:</b> itinerarios de 4º de ESO. -Os bacharelatos LOE e saídas que ofrecen. -Os ciclos formativos de grao medio. As familias profesionais. - As probas de acceso a ciclos. - O estudio superior: Ciclos superiores e Universidade. - Cuestionario de intereses de estudio. - Toma de decisións: Cal é a opción que mellor me convén? - Simulacro de matrícula de 4º.
5º	
6º	
7º	
8º	
9º	
10º	
11º	Autoavaliación fin do curso. Avaliación das titorías.
12º	Preparación do verán. Horario de estudio de asignaturas pendentes.

\* Reunión informativa coas familias: opcións de 4º e alternativas ó remate da ESO (educación de adultos, ciclos medios, bacharelatos e a correspondencia destes cos ciclos superiores e as carreiras universitarias).

# CALENDARIO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

## PRIMEIRA AVALIACIÓN – 4º ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDO DAS SESIÓNS
1º	Presentación, ficha titorial de datos personais. Que queremos como grupo?, expectativas respecto ó curso que comeza. Uso da AXENDA
2º	Información: funcións da titoría, recollida de suxerencias respecto a temas que lles interesaría tratar.
3º	Como é a miña personalidade? Perfil dun delegado. Debate grupos, cuestionario, características dun delegado.
4º	Eleccións a representante de curso (procedemento e acta). (semana do 6- 18 outubro)
5º	Normas de convivencia do centro
6º	Órganos directivos dos centros educativos e funcións destes.
7º	Organización do horario de estudo. Revisión das normas para facer unha boa planificación do estudo.
8º	Ed. cara a saúde- ALIMENTACIÓN- Cruz Vermella
9º	Ed. cara a saúde- ALIMENTACIÓN- Cruz Vermella
10º	Ed. cara a saúde- ALIMENTACIÓN- Cruz Vermella 25 nov. Día mundial para a eliminación da violencia contra as mulleres.
11º	Ed. cara a saúde- ALIMENTACIÓN- Cruz Vermella

\* Reunión informativa coas familias, despois das avaliacións iniciais. Temos un guión para a sesión. Hai un cuestionario para as familias, pode ser interesante para recoller máis información.

## SEGUNDA AVALIACIÓN 4º ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDO DAS SESIÓNS
1º	Análise da avaliación: Mellorando a miña organización.
2º	Cuestionario de Técnicas e hábitos de estudio. Autocorrección por parte de cada alumno.
3º	Educación para a saúde- Prevenc. Drogodependencias: 2 sesións impartidas por unha técnica do centro de prevención de drogodependencias do Concello.
4º	
5º	Elaboración do calendario de exámes da 2ª avaliación.
6º	Programa de educación cara á saúde, educación afectiva e sexualidade responsable. Cinco sesións  (Imparte a Cruz Vermella de Burela e a sexóloga do Centro de Saúde)
7º	
8º	
9º	
10º	
11º	Plan de evacuación do centro
12º	Preavaliación da 2ª av. Autoavaliación, estratexias para rematar o curso.
13º	20 de marzo, día mundial do sueño- “Os ciclos do sueño. O jet lag do fin de semana”.



## TERCEIRA AVALIACIÓN 4º ESO

SEMANA DA SESIÓN	CONTIDOS DAS SESIÓNS
1º	Elaboración do calendario de exámenes.
2º	<p><b>-Información de estudos e carreiras.</b> Alternativas posibles: Réximes especiais, ciclos formativos, estudos universitarios.</p> <p>-A formación profesional: Familias profesionais, ciclos medios e superiores. A oferta de formación profesional de Mariña.</p> <p>-Os Bacharelatos: Científico Técnico e de Ciencias da saúde, de Humanidades e CCSS, bacharelato Artístico. Ramas de coñecemento adscritas a estas opcións, ciclos formativos e graos universitarios.</p>
3º	
4º	
5º	
6º	
6º	<p>- Programa informático : ORIENTA . Páx. web de interese.</p> <p>- Bolsas de estudos e centros residenciais docentes.</p>
7º	<p><b>Programa para entrenamento en toma de decisións:</b> <b>“A miña situación personal”</b></p> <p>1ª Que quero ser, como me vexo: Autorretrato.</p> <p>2ª Como te vemos? Os compañeiros avalian.</p>
8º	<p><b>“O mundo do traballo”:</b> 1º Corta un traxe a medida: describir unha xornada de seu traballo ideal. Valores do traballo, o meu mundo.</p>
9º	<p>2º Inventario de intereses.</p> <p>3º Que é unha profesión?. Descrición, tarefas que desenvolve, niveis profesionais, preparación, soldo, tempo libre...</p>
10º	<p><i>Teño que decidirme:</i> remate do programa de toma de decisións. Un cuestionario por alumno.</p> <p>Consello orientador de remate da ESO, entrevistas individuais con cada alumna e alumno.</p>
11º	Avaliación das actividades realizadas na titoría durante o curso, cales foron as máis interesantes, cales habería que cambiar.

\*Reunión informativa coas familias para explicar ás opcións ó remate da ESO

## PLAN DE ACCIÓN TITORIAL- BACHARELATO

Dado que os cursos de bacharelato non contan cunha hora de titoría na aula, o departamento de orientación, para asegurar ó alumnado a información e o asesoramento respecto o seu futuro académico –profesional, impartirá charlas grupais nas que se abordarán temas xenéricos de interese para a totalidade do alumnado.

Nas horas de recreo cada alumno poderá consultar e/ou pedir cita para un asesoramento máis personalizado.

A temática versará sobre:

### 1º Bacharelato

- As familias profesionais nos ciclos formativos medios e superiores
- Información de estudos e carreiras: conceptos básicos.
- Carreiras vinculadas ás opcións de BAC elixidas.
- Elección das optativas de 2º de bacharelato. Normativa para o cambio de modalidade de BAC.
- BAC de adultos, probas de acceso a os Ciclos Formativos de Grado Superior.

### 2º Bacharelato

- As familias profesionais nos ciclos formativos superiores.
- Conociendo a oferta de formación universitaria:
  - Webs das Universidades de España.Webs de Galicia.
  - Bolsas de estudos
  - As residencias Universitarias
- ANÁLISE DA Guía de acceso ó sistema universitario de Galicia, ver [www.cesga.es/ciug](http://www.cesga.es/ciug).
- Plan A e plan B. Alternativas por se as cousas non saen según o previsto:  
Probas de acceso ós ciclos superiores.
- Calendario das PAU, reclamacións, preinscripcións, matrícula e solicitude de bolsas de estudos. [www.cesga.es/ciug](http://www.cesga.es/ciug) Aula NERTA

Nas reunións coas familias, despois das avaliacións iniciais e nas citas privadas, os titores informarán disto.

# PLANO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

Un dos nosos obxectivos é a revisión e continuación do plano de orientación académica e profesional. O curso no que se fai máis incidencia é 4º de ESO, pero non podemos esquecer a necesidade de dar información e recursos a todo aquel alumnado que, por razóns diferentes, ten diante de sí unha toma de decisións que serán cruciais para seu futuro académico e profesional. Este plano deberá estar presente no proceso de desenvolvemento curricular.

Consideramos a Orientación Académica e Profesional como unha actividade inseparable e integrada no proceso educativo dos alumnos: levarase a cabo nos seguintes ámbitos:

- Nas actividades de ensino-aprendizaxe.
- Nas titorías.
- No seguimento individual de cada alumna e alumno.
- No diálogo coas familias.
- Nas actividades específicas xerais do Centro.

## **1- METODOLOXÍA:**

Os principios metodolóxicos que se seguirán partirán da participación activa e dun modelo de traballo colaborativo dos membros do Departamento de Orientación e do equipo de titores. Utilizaranse os recursos do entorno, partindo dos intereses e necesidades do alumnado, dos profesores e das familias, fomentando a reflexión e o espírito crítico.

As actividades de orientación Vocacional e profesional serán impartidas basicamente polas titoras e titores baixo o asesoramento do Departamento de Orientación do centro que facilitará a os titores toda a información que precisen. Ademais do material escrito (libros, folletos, cuestionarios,...) potenciaremos o uso de INTERNET como instrumento para recabar e /ou difundir información sobre un mesmo (cuestionarios, currícula, ...), sobre estudos e profesións, bolsas e axudas ó

estudo, sen limitacións espaciais, potenciando un sentimento de cidadanía europea.

O Departamento de Orientación intervirá directamente en actividades dirixidas ó alumnado, profesorado ou familias, individual ou colectivamente para:

- Aplicar probas de aptitudes, interese, hábitos de estudo,...
- Informar sobre: carreiras universitarias, ciclos formativos, bacharelatos, materias optativas, saídas laborais,...
- Asesorar individualmente en aspectos académicos ó alumnado.
- asesorar ás familias sobre as posibilidades futuras do/ da alumno/ a.

As actividades irán dirixidas polo tanto, igual que a Acción Tutorial:

- A cada alumna ou alumno, considerado individualmente.
- Ó grupo- clase.
- Ás familias.
- Ó profesorado e titores.

## **2- OBXECTIVOS:**

- Coñecerse a sí mesmos: as súas posibilidades e limitacións, para poder tomar decisións axeitadas de cara ó seu futuro académico-profesional.
- Coñecer o sistema educativo: materias optativas na ESO e no BAC; modalidades de BAC, Ciclos Formativos, ensinanzas non regradas, Carreiras universitarias.
- Coñecer o sistema socio-laboral: saídas laborais, dereitos e deberes do traballador, cómo buscar emprego...
- Coñecer o seu papel na comunidade: asumir os valores da comunidade e manter unha conducta coherente con eles: coñecer os recursos, relacionarse cos outros membros de dita comunidade e integrarse nela de forma axeitada.
- Implicar no proceso e orientación a tódolos elementos que forman parte da comunidade escolar: alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.

- Desenvolver a capacidade crítica, exercitando os hábitos de reflexión e análise do alumnado.
- Acercar á comunidade educativa a os recursos que ofrecen diferentes institucións da comunidade local, comarcal, nacional e internacional.
- Asesorar ó profesorado sobre cómo introducir a orientación académica e profesional nas distintas áreas.
- Informar e asesorar ás familias sobre as distintas opcións que se lles presentan ós seus fillos, e mesmo a eles, xa que a aprendizaxe é un proceso contínuo ó longo da vida.
- Asosorar ás familias sobre cómo apoiar e axudar ós seus fillos no proceso de toma de decisións.

### **3- ACTIVIDADES:**

As actividades temporalízanse nos tres trimestres ó longo do curso e no remate extraordinario de setembro. Se ben teremos en conta que as actividades de orientación vocacional e profesional están máis indicadas para 4º de ESO e 2º de BAC, por ter unha trascendencia na toma de decisións de cara ó futuro, orientarase individualmente ó alumnado que así o precise, segun criterio da familia, do profesorado ou do propio alumno.

Na ESA (educación secundaria de adultos) hai 95 períodos lectivos de libre disposición para cada centro educativo, que permiten unha oferta curricular propia, no centro impartírase “Formación e orientación laboral”, considerando que esta materia axuda ó alumnado que está moi preto do mundo laboral.

Hai que ter en conta que moitas das actividades do Plano de Orientación Académica e Profesional están integradas no Plano de Acción Titorial. A continuación relacionamos algunhas das actividades que se van desenvolver, sen prexuízo de que poidan desenvolverse outras propostas por titores ou profesorado dos distintos departamentos. As actividades teñen que adecuarse ós distintos niveis e grupos.

### a)- Actividades co grupo- clase:

- Actividades integradas nas distintas áreas:
  - Dotar de sentido práctico cada materia.
  - Informar ó alumnado sobre profesións e estudos relacionados coa formación de cada profesor.
- 
- Actividades a realizar nas titorías:
    - Os meus intereses profesionais.
    - Aprendo a tomar decisións.
    - Que podo facer ó rematar o curso?
    - Requisitos das diversas opcións.
    - Que estou disposto a facer?.
- 
- Actividades xerais do centro:
    - Visitas a centros de estudos.
    - Conferencias de profesionais.
    - Exposición de información nos taboleiros e na biblioteca.
    - Mesas redondas de ex-alumnos que cursan estudos superiores.
    - Visitas a IES da zona para coñecer os ciclos formativos que imparten.
    - Información sobre bolsas e proxectos para formación internacional.
    - Conferencias de achegamento á universidade: **Programa A Ponte** , impartido pola **USC**.
    - Xunto co departamento de FOL prevemos organizar as **XII Xornadas de orientación socio-laboral**, centrándonos na prevención de riscos laborais.
    - Contacto con servizos externos ó centro, relacionados co ámbito de formación e a inserción no mundo laboral: INEM, Oficina de información xuvenil, Centros de formación ocupacional, Plan FIP, Servizo Galego de Colocación, Axencias de desenvolvemento local, BIC Galicia,...

**b)- Actividades dirixidas ó alumno considerado individualmente:**

- Asesoramento por parte do titor nas súas horas de atención ó alumnado.
- Asesoramento da orientadora nas súas horas de atención ó alumnado.

**c)- Actividades dirixidas ás familias:**

- Asesoramento individualizado por parte do titor nas súas horas de atención ás familias.
- Asesoramento individualizado por parte da orientadora nas súas horas de atención ás familias.
- Charlas dirixidas ó colectivo de familias dun mesmo grupo ou nivel.

**d)- Actividades dirixidas ó profesorado:**

- Asesoramento a través da CCP
- Reunións da orientadora para informar e asesorar con departamentos didácticos, titores dun mesmo nivel, profesores dun grupo, todos os titores,...

#### **4- AVALIACIÓN DO PLAN:**

Avaliaremos os obxectivos previamente programados e faranse propostas de mellora para o vindeiro curso.

Os xefes de estudos reuniranse co Departamento de Orientación para analizar se se acadaron ou non os obxectivos previstos para analizar as dificultades que foron xurdindo; ver si se resolveron ou non; que quedou por facer; que se pode engadi ou modificar no próximo curso para a mellora do Programa.

A orientadora reunirse cos titores para valorar o desenvolvemento das actividades de tutoría levadas a cabo durante o ano e para elaborar propostas de mellora de cara o vindeiro curso.

# PROGRAMA DE ACOLLIDA AO ALUMNADO ESTRANXEIRO

## Introducción.

Este programa é froito dun grupo de traballo, realizado entre xaneiro e abril de 2005. O obxectivo global do programa é artellar a resposta organizativa do centro ante a incorporación de alumnado estranxeiro nomeadamente co curso xa iniciado. O grupo de traballo pretendemos, ademais, que as liñas de traballo sinaladas neste programa teñan continuidade de forma transversal nos currículos das diversas materias, non só como forma de atención ós alumnos estranxeiros, senón como forma de enriquecemento de toda a comunidade educativa.

O programa desenvólvese en varios apartados:

### 1. Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural.

Pretendemos con isto mellorar a convivencia entre todos os membros da comunidade educativa: alumnos, profesores e pais sexa cal sexa a súa procedencia e grao de educación formal, desenvolvendo actitudes de respecto e coñecemento que trascendan os costumes culturais propios.

### 2. Acollida da familia no centro.

O obxectivo é facer partícipes á familia do alumno na nova etapa da súa formación no noso país, formalizando a súa situación académica e facilitando a súa integración na sociedade local.

### 3. Avaliación inicial e adscripción.

O obxectivo é incluír a cada alumno estranxeiro novo no adecuado grupo de aprendizaxe. Prestarase especial atención á inmersión lingüística.

### 4. Acollida do alumno na aula.

O obxectivo é facer sentir cómodo ó alumno estranxeiro no novo contexto da súa formación.



## 5. Acceso ó currículo.

O obxectivo é determinar os contidos básicos e a metodoloxía adecuada para lograr que o alumno recién integrado no centro acade o maior proveito posible da súa formación.

No que sigue desenvolveremos cada un destes puntos diferenciando tres aspectos: quen son os responsables, que procedemento (actividades e recursos) se van aplicar, e con que temporalización.

### **1. Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural.**

A mellora da convivencia entre os distintos membros e sectores da comunidade educativa nun contexto multicultural (presencia de elementos de culturas diferentes: galega, marroquina, caboverdiana, peruana, etc.) pasa por crear un ámbito común de acción que sexa respectuoso coas peculiaridades tendendo pontes entre elas. Non se trata de xustapoñer diferencias, senón de integralas. A este ámbito común de acción que integre sen anular as diferencias podémolo chamar "intercultural". Para que exista, as diferentes culturas deben verse representadas na medida do posible, o cal non só crea coñecemento, senón motivación por aprender (curiosidade) e por tanto respecto (o que ata entón era simplemente estraño pode verse agora como valioso).

Xenerar un ámbito intercultural e un clima de respecto require da participación de toda a comunidade educativa, pero nun sentido máis activo dos profesores. Os distintos departamentos didácticos deberán incluír na súa programación elementos directamente relacionados con distintas culturas do mundo, especialmente as das persoas inmigrantes ou fillas de inmigrantes xa presentes en Burela ou das que sexa previsible a presenza nun futuro próximo (p. ex. europeas do este e chinas).

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, asesorada polo grupo de traballo, pode tamén xenerar unha comisión que dea continuidade e maior amplitude de

aplicación a actividades de contido (multi)cultural, para aplicar durante todo o curso ou en momentos puntuais (vésperas de festivos), e a cargo de departamentos interesados. Aportamos un listado a modo de exemplo:

- Ciclos de cine con filmes de ámbitos culturais alleos ó noso (Debuxo, Filosofía)
- Xornadas de xogos populares estranxeiros (Educación Física).
- Concurso de creación literaria e recollida de tradición oral (Galego, Castelán, Ciencias Sociais).
- Obras de teatro (Galego, Castelán).
- Obradoiros artísticos con técnicas de outras culturas (Debuxo).
- Exposición sobre roteiros culturais e paisaxísticos (Ciencias Sociais, Ciencias Naturais).
- Obradoiro culinario e análise da alimentación (Ciencias Naturais, Sanitaria).

O traballo dos alumnos é imprescindible. Serán os profesores das distintas áreas e principalmente os titores os encargados de informar destas actividades e de motivar ó alumnado a preparalas. Este traballo de coordinación dos alumnos pode realizarse nas titorías durante todo o curso.

Os pais e nais poden ter unha importante presenza nalgunhas destas actividades; en todo caso deben estar informados da súa realización para sentirse máis acollidos polo centro.

## **2. Acollida á familia no centro.**

O primeiro contacto entre a familia e o centro adoita producirse inmediatamente á chegada da familia á localidade, por iso é moi importante que sexa un contacto que favoreza a distensión e xenere confianza. O Departamento de Orientación recibirá á familia e amosará a grandes rasgos a estrutura académica do centro e do ensino no noso país concertando unha cita en datas o máis próximas.

Nun encontro posterior Orientación facilitará información máis extensa, se é posible con documentos escritos, sobre: estrutura do ensino según a lexislación

vixente, plano do centro, resumo do regulamento de Réxime Interno e do Proxecto Educativo do Centro, calendario académico e documentación que o alumno novo deberá reunir para matricularse. O paso seguinte é a matrícula do alumno en Secretaría.

A partir de entón o Departamento de Orientación e a Dirección do centro estarán en permanente contacto con institucións externas (Concello de Burela, Cruz Vermella, Instituto Social da marina, etc.) para o asesoramento da familia do alumno novo.

### **3. Avaliación inicial e adscripción.**

Segundo establece a ley, o alumnado menor de dezaseis anos correspóndelle a adscripción segundo a idade, non obstante, antes de adscribir ó novo alumno ó grupo-clase correspondente hai que facerlle unha avaliación inicial que estará determinada por dúas variables:

- seu coñecemento da lingua veicular do ensino (galego ou castelán).
- A información inicial é a documentación académica que o alumno aporta do seu país de orixe. Veremos nun primeiro momento a que nivel de ensino equivale, por idade e por contidos, o que estaba realizando no seu país.

En caso de que o alumno non coñeza o galego/castelán e tampouco haxa ningún mediador no centro que coñeza a súa língua (outro alumno ou un docente), non se poderá facer a súa avaliación inicial de forma fiable polo que pasará a un periodo de inmersión lingüística no que o único obxectivo será a adquisición das capacidades comunicacionais básicas.

Se o alumno coñece o galego ou o castelán faráselle unha avaliación inicial de capacidades nos ámbitos socio-lingüístico e científico-matemático. En función do resultado adscribirase a un grupo clase e porase en coñecemento dos seus profesores o seu nivel de capacidades. Dúas semanas despois haberá unha reunión do titor cos docentes do alumno que servirá como avaliación para refrendar a adscripción ou facer unha nova.

#### **4. Acollida do alumno na aula.**

Para facilitar o primeiro momento de toma de contacto do alumno e iniciar unha relación o máis fluída cos seus compañeiros dentro da aula é imprescindible romper o xeo con algún xogo de presentación. Os xogos de presentación deben realizarse guiados polo titor, que é o docente de referencia para o alumno, pero os outros profesores tamén deberían incluír na primeira sesión algunha actividade de toma de contacto co novo alumno. No departamento de orientación hai exemplos de dinámicas de acollida na aula.

É de enorme utilidade tamén a figura do "**alumno acompañante**". Trátase dun alumno que acompañará ó recen chegado para facilitar o seu coñecemento do entorno académico e a súa integración socio-afectiva. É unha figura formal e que debe comprometerse a realizar o seu cometido nun primeiro momento, xa que supoñemos que posteriormente a propia dinámica da socialización levará a que xurdan contactos informais entre o alumno novo e os seus compañeiros. A inicio de curso o titor debe falar ós alumnos da figura do alumno acompañante para motivar a que algúns se comprometan a acompañar a alumnos estranxeiros que cheguen ó centro. Despois, en función das características do alumno novo e dos candidatos a acompañantes (sexo, idade, conducta, status no grupo-clase, grao de empatía, motivación, etc.), o titor designará ó que considere máis adecuado, e a súa función durará un período de dúas semanas prorrogables se así o solicita; en caso contrario, pasará a ser substituído por outro alumno acompañante. E así durante o tempo que o titor e os acompañantes consideren necesario.

Son funcións do alumno acompañante:

- Ensinar as instalacións.
- Acompañar durante os cambios de aula das distintas materias.
- Acompañar durante os recreos e facilitar a súa entrada en grupos de amigos e a participación en xogos e outras actividades de lecer.
- Axudar nos estudos ou acompañar na visita ós distintos profesores para clarear dúbidas.

## PROGRAMA BÁSICO DE HABILIDADES SOCIAIS

### - AUTOCONECEMENTO E AUTOESTIMA:

Programa baseado no libro de autoaxuda: Autoestima en la adolescencia (Teen-esteem), de Pat Palmer e Melissa Alberti Froehner, Promolibro-Cinteco, Valencia, 1992

Obxectivo: Que o alumnado coñeza mellor as súas habilidades sociais e aprenda recursos para mellorar a súa intelixencia emocional. Os titores guiarán este proceso.

Temporalización : 7 semanas

Metodoloxía: traballo na aula alternando o gran grupo, o traballo individual e por parellas. Con postas en común e debates de gran grupo.

Levamos exemplares do libro a aula, un por cada dous ou tres alumnos, procuramos que non quede nengún alumno só.

**1ª semana:** Presentación por parte do titor/-a e a orientadora.

Cap. 1- Que é o que queres na vida?. As túas metas.

Folla de rexistro- tarefa individual para facer na casa, actividades páxinas 12-14.

**2ª semana:** Comentario sobre a tarefa do día anterior. Quen o fixo?

Cap. 2- O dereito a ser ti mesmo. Actividades páx. 23.

Cap. 3- O respecto. Descubrir falsas creencias. Por parellas pensar exemplos e comentalos despois todos xuntos.

**3ª semana:** Alguén descubriu unha falsa creenza que lle afectara personalmente?.

Cap. 4- Te estás divirtindo xa?. Cousas que axudan a sentirse ben.

Cap. 5- Asertividade. Aprender a distinguir tipos de personalidade (pasiva, agresiva e pasivo- agresiva). Funciona ser asertivo.

**4ª semana:** Cap. 6- Aprender a pedir.

Cap. 7- Técnicas para decir non.

ROL-PLAYING. Pequenas representacións de situacións conflictivas nas que aparezan condutas non asertivas (agresivas, pasivas ou pasivo-agresivas) e despois reelaborar a situación para que cambien as condutas e sexan asertivas.

**5ª semana:** - Fostedes máis asertivos nesta semana?.

Cap. 8- Evitar a manipulación.. Lectura guiada do capítulo, parando a comentar os estilos de manipulación e as técnicas para evitala. O alumnado pensa e expón seus exemplos.

**6ª semana:** Cap. 9- Facer eleccións e tomar decisións. Resolución de problemas.

-Que queren facer no futuro?, Como tomaron a decisión?

**7ª semana:** Cap. 10- Tomar o control. Libertade e responsabilidade.

Avaliación do programa, conclusións.

## - RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS:

A vida pode considerarse como unha serie interminable de situacións que requiren algunha clase de resposta. Desde este punto de vista, ningunha situación constitúe en si mesma un problema. A ineficacia da resposta a cada situación é o que lle aporta o carácter problemático.

Este programa ensina a definir os problemas, non desde o punto de vista de situacións imposibles senon de solucións ineficaces. É conveniente recordar que o problema non é tal, sino que a solución é o problema.

### **OBXECTIVOS:**

- Proporcionar aos alumnos técnicas de resolución de problemas que lles axuden a xerar novas solucións para calquera clase de problema.
- Que os alumnos acepten o feito de que os problemas constitúen unha parte normal da vida e que é posible afrontar a meirante parte desas situacións.
- Que sepan recoñecer os problemas cando se presenten, inhibíndo a súa tendencia a responder, xa sexa obedecendo ao primeiro impulso ou non facendo nada en absoluto.

## LIÑAS XERAIS DE COORDINACIÓN CO CENTRO ADSCRITO

Para a coordinación co departamento de orientación de primaria do **CEIP Plurilingüe Vista Alegre**, nas actuacións previas á redacción da programación anual, temos mantidas reunións para establecer as liñas xerais de coordinación de acordo coas distintas circulares da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa:

- Potencia-lo plan de acción titorial no marco do plan de orientación de cada centro educativo, especialmente mediante a posta en marcha dos aspectos seguintes:
  - \* Proposta de actividades de titoría para o profesorado titor que realizará cos seus alumnos tanto individualmente como a nivel de grupo, así como de orientacións para impulsa-la participación das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
  - \* Liñas xerais de intervención para a atención á diversidade e apoio ó profesor titor para a coordinación da avaliación inicial ó principio de curso, co fin de deseña-la aplicación das liñas xerais de intervención nunha sesión conxunta do equipo docente de cada grupo de alumnos.
  - \* Accións de intervención en técnicas de traballo intelectual que se poidan abordar dende tódalas áreas para mellora-la comprensión lectora.
  - \* Accións que favorezan a convivencia e o clima social dos centros e das aulas, aplicando, se é o caso, programas de desenvolvemento persoal e social adecuados a cada contexto educativo.
  - \* Programas de orientación académica e profesional, incidindo especialmente naqueles grupos de alumnos que deben cambiar de etapa.
- Realizar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento persoal e social ou da aprendizaxe dos alumnos e alumnas de educación infantil e primaria.
- Establecer canles de coordinación cos departamentos de orientación da localidade.